

Datos Estatísticos básicos de Galicia **2011**

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Facenda
Santiago de Compostela
2011

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Facenda

Colección

Área de difusión

D.L.

PO 263-2006

ISSN

1699-2997

Imprime

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Tiraxe

550 exemplares

Lugar


Santiago de Compostela

Ano

2011

Capítulo	Páxina
1 Territorio e recursos naturais	4
2 Medio	6
3 Poboación	8
4 Saúde	14
5 Educación, cultura e lecer.....	16
6 Mundo laboral	18
7 Benestar	22
8 Sector agrario pesca e acuicultura	26
9 Enerxía e industria	28
10 Construción e vivenda	30
11 Servizos de mercado e actividade empresarial	32
12 Administración pública	36
13 Mercados e prezos	38
14 Sistema de contas	40
15 Sociedade da información	42
16 Ciencia e tecnoloxía	44
17 Abreviaturas e signos	46
18 Fontes	47
19 Precisa máis datos?	48

Porcentaxe de persoas que residen en núcleos de máis de 1.000 habitantes. Anos 2000 e 2010



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estadística y nomenclátor
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de cada ano

No ano 2010 o 53,9% dos galegos reside en núcleos de poboación de máis de 1.000 habitantes. Hai unha década esta porcentaxe era 49,1%, case cinco puntos porcentuais menos.

Rede de estradas. Galicia. Ano 2009

Quilómetros

	Quilómetros de estradas
Do Estado	2.245
Vías de gran capacidade	795
Da comunidade autónoma	5.435
Das deputacións	9.866

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico 2009

Principais datos do territorio. Ano 2010

	España	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Superficie (km ²)	505.938	7.950	9.856	7.273	4.495
Densidade (hab./km ²)	92,9	144,2	35,9	46,1	214,1
Concellos	8.114	94	67	92	62
Entidades colectivas	4.927	932	1.264	916	666
Entidades singulares	61.560	10.393	9.775	3.685	6.247
Núcleos	37.073	4.044	1.334	2.595	2.305
Diseminados	40.368	6.402	8.595	1.180	4.314

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estadística y nomenclátor

Superficie e densidade

A superficie total da Comunidade Autónoma de Galicia acada os 29.574 quilómetros cadrados e a densidade de poboación en 2010 é de 94,6 persoas por quilómetro cadrado. Por provincias, Pontevedra, con 214,1 habitantes por quilómetro cadrado, é a que presenta unha maior densidade de poboación. No outro extremo atópase Lugo, con 35,9 persoas por quilómetro cadrado.

A partir dos datos de España, obtemos que o 48,9% das entidades singulares de España e o 76,7% das parroquias de España pertencen a Galicia.

Investimentos en infraestruturas

No ano 2009 investíronse en Galicia 353,4 millóns de euros na rede de estradas dependentes do Estado, 398,8 millóns na dependente da comunidade autónoma e 63,5 na das deputacións. O investimento en ferrocarril acadou os 758,8 millóns de euros e en transporte marítimo e actuacións na costa foi de 218,3 millóns de euros.

Liquidación orzamentaria dos investimentos en infraestruturas. Galicia. Anos 2008 e 2009. Datos provisionais

Miles de euros

	2008	2009
Na rede de estradas	738.175	815.651
do Estado	354.138	353.445
da comunidade autónoma	325.274	398.756
das deputacións	58.763	63.450
Realizadas polas concesionarias de autoestradas	20.191	4.879
En ferrocarril	643.146	758.784
En aeroportos e navegación aérea	43.849	42.221
En transporte marítimo e actuacións na costa	196.999	218.295

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico. Extraído de <http://www.fomento.es>
Nota: nos investimentos realizados na rede de estradas inclúense as estradas dependentes do Estado, da comunidade autónoma e das deputacións

Catastro inmobiliario rústico e urbano. Ano 2010

Superficie en ha e valor catastral en millóns de euros

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Urbano				
Núm. parcelas	516.510	226.250	287.046	441.668
Construídas	310.474	165.320	194.923	264.585
Superficie parcelas	43.698	11.816	10.526	26.443
Valor catastral total	38.334	7.986	10.976	23.547
Construcións	23.731	5.410	5.803	14.865
Solo	14.603	2.576	5.173	8.682
Rústico				
Núm. parcelas	2.866.494	2.351.909	3.689.261	2.489.549
Superficie rústica	747.813	972.389	714.923	419.233
Valor catastral	1.155	555	359	442

Fonte: Dirección General de Catastro. Extraído de: <http://www.catastro.minhac.es/>

Superficie rústica e urbana

No ano 2010 a superficie rústica de Galicia é de 2.854.357 ha, repartidas en 11.397.213 parcelas. O valor catastral destas parcelas sitúase en 2.511 millóns de euros.

O número de parcelas urbanas ascende a 1.471.474 cunha superficie total de 92.483 ha. O valor catastral total acada os 80.843 millóns de euros, dos cales 49.809 corresponden ao valor catastral das construcións e os 31.035 restantes ao valor do solo.

Producción de madeira

En 2009 cortáronse en Galicia 6 millóns de metros cúbicos de madeira con cortiza. O 50,3% correspondía a eucalipto, o 36,7% a piñeiro (*Pinus pinaster*), o 10,1% a outro tipo de coníferas e o 2,9% restante a outro tipo de frondosas.

Evolución da produción de madeira. Galicia


Metros cúbicos con cortiza

	2007	2008	2009
Total madeira	7.163.500	7.987.900	6.140.667
Coníferas	3.655.000	3.897.800	2.876.299
<i>Pinus pinaster</i>	2.847.000	3.059.800	2.253.718
Outras coníferas	808.000	838.000	622.581
Frondosas	3.508.500	4.090.100	3.264.368
Eucalipto	3.153.000	3.678.000	3.084.295
Outras frondosas	355.500	412.100	180.073

Fonte: Consellería do Medio Rural. Anuario de Estadística Agraria

Evolución do número de lumes forestais. Galicia

Número de lumes




Fonte: Consellería do Medio Rural. Memoria Pladiga 2011. Extraído de <http://mediorural.xunta.es> [21 de xuño, 2011]

En 2010 rexistráronse 3.853 lumes forestais en Galicia que queimaron 14.546,8 hectáreas, das cales 11.515,7 (79,2%) correspondían a superficie rasa e as 3.031,1 restantes (20,8%) a superficie arborizada.


Evolución da superficie queimada nos lumes forestais. Galicia

Hectáreas



Fonte: Consellería do Medio Rural. Memoria Pladiga 2011. Extraído de <http://mediorural.xunta.es> [21 de xuño, 2011]


Ocupación media dos encoros de Galicia



Fonte: Augas de Galicia. Extraído de <http://augasdegalicia.xunta.es> [30 de maio, 2011]

Distribución de auga por grandes grupos de usuarios. Ano 2009


Porcentaxes



Fonte: INE. Encuesta sobre el suministro y saneamiento del agua. Extraído de <http://www.ine.es>


Valor unitario da auga. Evolución 1996-2009

Euros/m³



Fonte: INE. Indicadores sobre el agua

Precipitación total e temperatura media mensual. Estación Santiago-EOAS. Ano 2010



Fonte: Meteogalicia. Informes climatolóxicos. Extraído de <http://www.meteogalicia.es> [3 de maio, 2011]

Diminúe o consumo de auga

En 2009 distribuíronse 197,0 hectómetros cúbicos de auga nas redes públicas de abastecemento urbano de Galicia. O 70,6% do total de auga distribuída destinouse aos fogares, que consumiron unha media de 139 litros por persoa e día, un 4,5% menos que no ano anterior.

En Galicia, o valor unitario da auga (cociente entre os importes aboados polos usuarios e a auga consumida) situouse en 0,93 euros por metro cúbico, 49 céntimos menos que no conxunto de España.

Subministración de auga. Galicia. Ano 2009

Miles de metros cúbicos

	2009	Variación anual (%)
Auga distribuída	197.023	-4,6%
Auga distribuída aos fogares	139.027	-4,6%
Auga perdida na rede de distribución	40.086	-24,8%
Consumo medio dos fogares (litros/hab./día)	139	-4,5%
Valor unitario da auga (euros/m³)	0,93	24,0%

Fonte: INE. Encuesta sobre el suministro y saneamiento del agua. Extraído de <http://www.ine.es>

Nota: para o cálculo do consumo medio dos fogares utilizouse a poboación do día 1 de xullo de 2009 segundo as Estimacións de la Población Actual (ePOBA) elaboradas polo INE

Cantidade de residuos urbanos recollidos. Ano 2008

	Toneladas		Kg por persoa e ano	
	Galicia	España	Galicia	España
Total de residuos	1.312.021	26.322.384	479,2	577,3
Mesturados	1.135.391	21.045.683	414,7	461,6
Recollidos selectivamente	176.630	5.276.701	64,5	115,7
Envases mixtos	65.594	1.285.128	24,0	28,2
Papel e cartón	48.433	1.084.680	17,7	23,8
Vidro	37.366	673.896	13,6	14,8
Electrodomésticos	3.450	37.523		
Medicamentos	0	76		
Pilas e acumuladores	75	5.048		

Fonte: INE. Encuesta de recogida y tratamiento de residuos. Extraído de <http://www.ine.es> [30 de maio, 2011]

Nota: para o cálculo da cantidade de residuos recollidos por persoa e ano utilizouse a poboación do día 1 de xullo de 2008 segundo as Estimaciones de la Población Actual (ePOBa) elaboradas polo INE

En Galicia recóllense 1,3 millóns de toneladas de residuos urbanos

En 2008 recolléronse en Galicia algo máis de 1,3 millóns de toneladas de residuos urbanos; destes o 13,5% foron recollidos de forma selectiva. Estas cifras supoñen unha media de 414,7 kg de residuos urbanos mesturados por persoa e ano. Polo que respecta á recollida selectiva, recollerónse 17,7 kg por persoa e ano de papel e cartón e 13,6 kg de vidro.

Diminución do investimento á protección ambiental na industria

Para o ano 2009 os investimentos totais das empresas industriais en protección ambiental foi de 87,6 millóns de euros, o que supón unha diminución do 64,3% respecto ao ano 2008 e representa un 8,2% do total nacional.

Gasto das empresas en protección ambiental. Galicia. Ano 2009

Euros

	Investimento total	Gastos
Industria extractiva	14.564.538	3.357.992
Industria manufactureira	44.617.204	80.425.252
Producción e distribución de enerxía	28.443.562	5.742.981
Total	87.625.304	89.526.225

Fonte: INE. Encuesta del gasto de las empresas en protección ambiental. Extraído de <http://www.ine.es>

Residuos xerados pola industria. Ano 2008

Toneladas

	Galicia	España
Total	1.595.961	49.957.106
Perigosos	60.407	1.676.669
Non perigosos	1.535.554	48.280.437

Fonte: INE. Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial. Extraído de <http://www.ine.es>


Durante o ano 2008 o sector industrial xerou en Galicia 1.596 miles de toneladas de residuos. Destes, 60,4 miles de toneladas clasificáronse como perigosos.

A industria manufactureira xera o 55,3% do total de residuos da industria en Galicia no ano 2008.

Do total de residuos perigosos xerados pola industria en Galicia, o 95,5% proceden das industrias manufactureiras.

Poboación residente en Galicia segundo o lugar de nacemento. Ano 2010

Porcentaxes



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2010

Vigo, con 297.124 habitantes é o concello máis poboado de Galicia. A continuación atópanse A Coruña con 246.047 veciños e Ourense con 108.673. Entre os sete grandes concellos suman 999.922 habitantes, o 35,7% do total da poboación residente en Galicia.

Poboación residente nos sete grandes concellos galegos. Ano 2010

	Poboación
Vigo	297.124
A Coruña	246.047
Ourense	108.673
Lugo	97.635
Santiago de Compostela	94.824
Pontevedra	81.981
Ferrol	73.638

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes
Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2010

Poboación o día 1 de xaneiro de 2010 segundo o sexo

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	1.146.458	551.318	595.140
Lugo	353.504	171.983	181.521
Ourense	335.219	161.346	173.873
Pontevedra	962.472	465.900	496.572
Galicia	2.797.653	1.350.547	1.447.106
España	47.021.031	23.226.185	23.794.846

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes


En 2010 o número de empadroados en Galicia incrementouse en preto de 1.600 persoas

O día 1 de xaneiro de 2010 residían en Galicia 2.797.653 persoas, segundo a cifra oficial de poboación facilitada polo padrón municipal de habitantes. No último ano o número de residentes en Galicia aumentou en 1.564 persoas, o que supón un incremento interanual do 0,06%

O índice de avellentamento, calculado como o cociente das persoas de 65 ou máis anos entre os mozos menores de 20, mostra o grao de avellentamento que sofre a poboación. No ano 2010 en Galicia, este índice acadou o valor de 140,5, é dicir, por cada 100 mozos menores de 20 anos residían en Galicia 140 maiores de 65 ou máis anos.


Índice de avellentamento. Ano 2010

Tanto por cento



Fonte: IGE. Indicadores demográficos

Comparación das pirámides de idade da poboación de Galicia e España. Ano 2010



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Poboación de nacionalidade estranxeira. Ano 2010

	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	38.989	18.751	20.238
Lugo	14.176	7.419	6.757
Ourense	16.711	8.493	8.218
Pontevedra	39.794	20.560	19.234
Galia	109.670	55.223	54.447
España	5.747.734	3.017.935	2.729.799

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2010


O 3,9% da poboación residente en Galicia ten nacionalidade estranxeira

O día 1 de xaneiro de 2010 tiñan fixada a súa residencia habitual en Galicia 109.670 persoas de nacionalidade estranxeira, o que supón o 3,9% do total da poboación galega.

O 37,3% dos estranxeiros residentes en Galicia pertencen á UE-27. Dentro destes, os máis numerosos son os portugueses (21.434) e os romaneses (7.178). Entre os estranxeiros extracomunitarios, os cidadáns de América do sur suman 42.420 persoas. Destacan os brasileiros (11.465) e os colombianos (8.983).

En 2010 a poboación de nacionalidade estranxeira incrementouse un 2,8% con respecto ao ano anterior. Por países, os maiores incrementos déronse entre os cidadáns da República Dominicana (11,3%), Romanía (11,1%) e Marrocos (10,6%).

Evolución da porcentaxe de poboación de nacionalidade estranxeira



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes


Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de cada ano

Poboación estranxeira segundo a nacionalidade. Galicia. Ano 2010


	2010	Cremento 2009-2010
Portugal	21.434	4,7%
Brasil	11.465	-3,6%
Colombia	8.983	2,2%
Romanía	7.178	11,1%
Marrocos	6.380	10,6%
Argentina	4.488	-9,4%
Venezuela	3.973	-3,3%
Uruguai	3.912	-8,6%
Perú	3.846	8,6%
República Dominicana	3.729	11,3%
Italia	3.649	2,7%
Outras	30.633	4,0%
Total	109.670	2,8%

Variación interanual da poboación de nacionalidade estranxeira. Galicia

Porcentaxes



Comparación das pirámides de poboación segundo a nacionalidade. Galicia. Ano 2010



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro


Matrimonios de diferente sexo segundo a nacionalidade dos cónxuxes. Galicia. Ano 2009

Porcentaxes



Fonte: IGE-INE. Movemento natural da poboación

Evolución do número de disolucións matrimoniais entre cónxuxes de diferente sexo. Galicia



Fonte: INE. Estadística de nulidades, separacións y divorcios
A Lei 15/2005, de 8 de xullo, permite o divorcio sen necesidade dunha separación previa

Poboación de 20 ou máis anos segundo o sexo e o estado civil. Galicia. Ano 2010

Miles de persoas

	Homes	Mulleres
Solteiro	349,9	294,5
Casado	654,6	653,7
Viúvo	40,1	186,6
Separado ou divorciado	45,8	64,6

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Indicadores de natalidade e fecundidade. Ano 2009

	Galicia	España
Número de nacementos	22.537	493.717
Núm. de nacementos de nai estranxeira	1.831	102.586
Taxa bruta de natalidade	8,1	10,7
Taxa xeral de fecundidade	34,2	43,1
Idade media á maternidade	31,6	31,1
Número medio de fillos por muller	1,1	1,4

Fonte: IGE. Indicadores demográficos
INE. Indicadores demográficos básicos


En 2009 o número de nacementos diminuíu un 2,8% respecto ao ano anterior

Durante o ano 2009 producíronse un total de 22.537 nacementos de nais que tiñan fixada a súa residencia habitual en Galicia, un 2,8% menos que no ano anterior.

A taxa bruta de natalidade, calculada como o número de nacementos por cada mil habitantes, acadou a cifra de 8,1.

Do total de nacementos ocorridos durante o ano 2009, 1.831 correspondían a mulleres de nacionalidade estranxeira, o que supón unha contribución do 8,1%. Para o conxunto de España, os nacementos de nais de nacionalidade estranxeira supuxeron o 20,8% do total de nacementos.

Evolución da porcentaxe de nacementos de nai de nacionalidade estranxeira



Fonte: IGE- INE. Movemento natural da poboación

Indicadores de mortalidade. Ano 2009

	Galicia	España
Número de defuncións	30.180	384.933
Taxa bruta de mortalidade	10,8	8,3
Homes	11,3	8,7
Mulleres	10,3	8,0
Taxa de mortalidade infantil	2,7	3,2

Fonte: IGE. Indicadores demográficos
INE. Indicadores demográficos básicos

As mulleres morren a idades máis tardías

No ano 2009 morreron 30.180 persoas residentes en Galicia. Con respecto ao ano 2008, rexistráronse 551 falecementos máis, o que supón un aumento do 1,9%

A taxa bruta de mortalidade situouse nas 10,8 defuncións por cada mil habitantes. A taxa de mortalidade infantil (número de defuncións de menores dun ano, por cada mil nacidos vivos) foi de 2,7.

Atendendo á distribución das defuncións segundo o sexo e a idade, o 66,7% dos falecidos en 2009 menores de 45 anos eran homes. Por outra banda, o 38,5% dos homes falecidos neste ano non chegaba aos 75 anos, o 34% tiña entre 75 e 84 anos e o 27,5% restante, 85 ou máis anos.


Para as mulleres, o 17,6% tiña menos de 75 anos, o 29% entre 75 e 84 anos e o 53,4%, 85 ou máis anos.

Defuncións segundo o sexo e a idade. Galicia. Ano 2009
Número e porcentaxes

	Total	%	Homes	%	Mulleres	%
Total	30.180	100,0	15.241	100,0	14.939	100,0
Menos de 45	928	3,1	618	4,1	310	2,1
De 45 a 64 anos	3.524	11,7	2.530	16,6	994	6,7
De 65 a 74 anos	4.040	13,4	2.720	17,8	1.320	8,8
De 75 a 84 anos	9.512	31,5	5.178	34,0	4.334	29,0
85 e máis anos	12.176	40,3	4.195	27,5	7.981	53,4

Fonte: IGE- INE. Movemento natural da poboación

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia. 1975-2009



Fonte: IGE-INE: Movemento natural da poboación

O saldo vexetativo ou crecemento natural da poboación calcúlase como a diferenza entre o número de nacementos producidos nun ano e o número de defuncións. Un saldo vexetativo negativo indica que nese ano morreron máis persoas das que naceron.

O aumento do número de defuncións e a diminución dos nacementos provoca un empeoramento do saldo vexetativo que pasa de -6.454 en 2008 a -7.643 no ano 2009.

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia. Ano 2011

Inscrita en Galicia	
Total	425.216
Europa	96.083
Suíza	36.588
Francia	17.919
Alemaña	15.612
Reino Unido	11.453
Portugal	3.327
Países Baixos	2.816
Bélxica	2.585
Andorra	2.503
África	961
América	326.001
Arxentina	145.235
Venezuela	44.047
Uruguai	38.152
Brasil	38.144
Cuba	22.914
EEUU	13.529
México	10.756
Panamá	2.799
Chile	2.725
República Dominicana	1.895
Canadá	1.807
Asia	663
Oceanía	1.508

Fonte: INE. Padrón de españois residentes en el extranjero

Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2011

O padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE) obtense dos datos existentes nos rexistros de matrícula de cada oficina ou sección consular. Están obrigados a inscribirse:

- Os españois que residan habitualmente no estranxeiro e os que trasladen alí a súa residencia habitual.
- Os seus fillos menores de idade suxeitos á súa patria potestade, se están na súa compañía.

Movementos migratorios externos. Ano 2009

	2009	Variación interanual (%)
Inmigracións	38.789	-13,3%
Doutra CCAA de España	23.654	4,8%
Do estranxeiro	15.135	-31,7%
Emigracións	28.091	4,4%
A outra CCAA de España	18.716	-3,9%
Ao estranxeiro	9.375	-39,9%
Saldo migratorio externo	10.698	26,1%

Fonte: INE. Estadística de variaciones residenciales. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Nota: na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade

Aumentan as emigracións ao estranxeiro e diminúen as que teñen como destino outra comunidade autónoma

Durante o ano 2009 marcharon de Galicia 28.091 persoas e chegaron 38.789 procedentes do resto de España e do estranxeiro, o que sitúa o saldo migratorio externo en 10.698 persoas. Neste ano chegaron a Galicia 7.030 inmigrantes menos procedentes do estranxeiro que en 2008. Porén o número de inmigrantes procedentes doutras comunidades autónomas aumentou en 1.093 persoas. Un total de 18.716 galegos marcharon de Galicia con destino a outra comunidade autónoma (un 3,9% menos que en 2008) e 9.375 fixérono ao estranxeiro.

Arxentina e Venezuela son os países estranxeiros onde viven máis galegos

O día 1 de xaneiro de 2011 residían no estranxeiro un total de 425.216 persoas de nacionalidade española e inscritas nalgunha provincia galega no padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). O 34,2% destas persoas residían en Arxentina, que é o país estranxeiro onde viven máis galegos. A continuación atópase Venezuela, con 44.047 galegos. Segundo a idade, o 11% dos inscritos no PERE teñen menos de 16 anos, o 60,9% entre 16 e 64 anos e o 28% restante 65 ou máis anos.

Poboación de nacionalidade española residente no estranxeiro e inscrita nalgunha provincia de Galicia. Distribución segundo o sexo e os grupos de idade. Ano 2011

	Total	<16 anos	16-64 anos	>=65 anos
Total	425.216	46.876	259.096	119.244
Homes	207.107	23.847	129.149	54.111
Mulleres	218.109	23.029	129.947	65.133

Fonte: INE. Padrón de españois residentes en el extranjero. Extraído de <http://www.ine.es>

Nota: a data de referencia dos datos é o día 1 de xaneiro de 2011

Proxeccións da poboación a curto prazo

	2011	2020	Crecedemento 2011-2020 (%)
A Coruña	1.124.312	1.120.735	-0,3%
Lugo	340.199	318.977	-6,2%
Ourense	323.386	303.098	-6,3%
Pontevedra	947.990	951.535	0,4%
Galicia	2.735.887	2.694.345	-1,5%
España	46.147.440	47.234.924	2,4%


Fonte: INE. Proyecciones de población a corto plazo. 2009-2020

En 9 anos Galicia perderá un 1,5% da súa poboación


Segundo as proxeccións de poboación a curto prazo elaboradas polo INE, Galicia perderá 41.542 habitantes no período 2011-2020, o que supón unha diminución do 1,5% da súa poboación. Por provincias, en Lugo e Ourense danse as maiores perdas de poboación en termos relativos (un 6,2% e un 6,3%, respectivamente).

Porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos

Ademais da baixada no número de habitantes, as proxeccións mostran un progresivo avellentamento da poboación. Así, en Galicia, a porcentaxe de persoas de 65 ou máis anos pasa do 22,1% en 2011 ao 24,5% en 2020.




Pirámides de poboación. Galicia e España



Fonte: INE. Proyecciones de población a corto plazo. 2009-2020

Evolución futura da poboación

Crecedemento relativo (%)



Fonte: INE. Proyecciones de población a corto plazo. 2009-2020

O índice de dependencia global é a relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes (poboación menor de 16 anos e a poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación potencialmente activa (poboación de 16 a 64 anos).

En 2020 por cada 100 persoas en idade de traballar residirán en Galicia 59,5 persoas potencialmente inactivas, o que supón un incremento de 6,8 puntos con respecto ao índice de dependencia global do ano 2011 (52,7%).

Evolución futura do índice de dependencia global

Porcentaxes



Fonte: INE. Proyecciones de población a corto plazo. 2009-2020

Profesionais sanitarios colexiados. Galicia. Ano 2010

	Núm.	%Mulleres
Diplomados en enfermía	14.046	87,4%
Médicos	12.467	45,3%
Farmacéuticos	4.542	75,4%
Veterinarios	2.968	40,9%
Fisioterapeutas	1.926	71,2%
Odontólogos e estomatólogos	1.660	47,8%
Podólogos	290	66,6%


Fonte: INE. Estadística de profesionais sanitarios colexiados 2010

Recursos materiais do Servizo Galego de Saúde. Ano 2009

En atención primaria	
Centros de saúde	390
Consultorios	93
En atención especializada	
Hospitais e fundacións públicas	33
Centros de especialidades	17
Centros de orientación familiar	11


Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2009

Evolución do gasto por habitante do Servizo Galego de Saúde



Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2009

Interrupcións voluntarias do embarazo segundo o grupo de idade da muller. Galicia. Ano 2009



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública. Xunta de Galicia

Principais indicadores. Galicia. Ano 2009

	Valor absoluto	por 1.000 hab.
Consultas de atención primaria (centros informatizados)	25.002.603	8.942,0
Consultas externas	4.155.188	1.486,1
Ingresos hospitalarios	241.741	86,5
Camas en funcionamento	7.453	2,7
Estadías en hospitais	2.158.679	772,0
Estadía media (días)	8,9	—
Quirófanos en funcionamento	207	0,1
Intervencións cirúrxicas	183.647	65,7
Tempo medio de espera cirúrxica (días)	79,6	—
Urxencias atendidas	1.107.898	396,2
Custo da prestación farmacéutica en receitas oficiais do Sergas (miles de euros)	924.703	330,7
Custo da prestación farmacéutica en farmacia hospitalaria (miles de euros)	292.630	104,7

Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2009

INE. Padrón Municipal de habitantes 2009

Nota: o custo da prestación farmacéutica inclúe o desconto do Real decreto 823/2008


No ano 2009 o gasto por habitante do Sergas incrementouse no 10%

O gasto por habitante do Sergas incrementouse en máis do dobre nos últimos dez anos, e pasou de 690,35 euros en 1999 a 1.457,50 no ano 2009.

A esperanza de vida dos galegos supera de novo os valores acadados no ano 2008

No ano 2009, a esperanza de vida ao nacemento dos galegos sitúase en 85,1 para as mulleres e en 78,3 para os homes, igualando os valores as mulleres e superando os homes os valores acadados no ano 2008.

Esperanza de vida ao nacemento. Galicia



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes IGE, INE. Movemento natural da poboación

Defuncións segundo as principais causas de morte. Galicia. Ano 2009

	Total	% Mulleres	Variación interanual
Enfermidades do sistema circulatorio	9.799	56,1%	-2,9%
Tumores	8.107	38,7%	2,9%
Enf. do sistema respiratorio	3.642	46,4%	-1,3%
Enf. do sistema dixestivo	1.377	46,8%	4,4%
Trastornos mentais e do comportamento	1.325	70,6%	15,6%
Causas externas de mortalidade	1.257	31,1%	5,1%
Enf. do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos	1.249	63,0%	11,1%
Síntomas/signos/achados anormais, ncop.	1.020	49,7%	18,5%
Enf. do sistema xenitourinario	751	52,2%	12,1%
Enf. endócrinas, nutricionais e metabólicas	717	59,8%	4,4%
Enf. infecciosas e parasitarias	498	51,4%	-5,7%
Outras causas	438	63,7%	1,4%
Total enfermidades	30.180	49,5%	1,9%

Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte

Máis da metade das defuncións son por enfermidades do sistema circulatorio e por tumores

No ano 2009, o 59,3% das defuncións rexistradas en Galicia foron por enfermidades do sistema circulatorio e por tumores.

Entre as mulleres, a principal causa de morte foron as enfermidades do sistema circulatorio, que representaron en 2009 o 36,8% das defuncións femininas.

Nos homes, son os tumores a principal causa de morte e supuxeron no ano 2009 o 32,6% das defuncións masculinas.


Dentro deste grupo, os tumores da tráquea, dos bronquios e do pulmón son os máis frecuentes e representan o 23,6% das defuncións por tumores entre os homes.

Enfermos dados de alta segundo a diagnose. Galicia. Ano 2009

	Total	Variación interanual
Aparato circulatorio	38.801	-2,4%
Aparato respiratorio	37.516	-8,0%
Aparato dixestivo	33.209	-7,4%
Complicacións embarazo, parto e puerperio	30.500	-0,1%
Neoplasias	28.654	-0,9%
Lesións e envelenamentos	27.726	-0,6%
Resto	96.788	-2,3%
Total	293.194	0,4%

Fonte: INE. Encuesta de morbilidad hospitalaria
Nota: datos segundo a provincia de hospitalización

Principais causas de morte segundo xénero. Galicia. Ano 2009



Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte

Índices de doazóns e transplantes. Galicia

	2008	2009
Doazóns de sangue (por mil hab.)	44,4	44,2
Doazóns de órganos (por millón hab.)	32	30
Transplantes (por millón hab.)	95,9	97,28


Fonte: Sistema Público de Saúde de Galicia. Memoria 2009

Principais enfermidades de declaración obrigatoria. Galicia

	2009	%
Gripe	85.755	89,5%
Varicela	8.456	8,8%
Tuberculose transmisible por vía respiratoria	593	0,6%
Toxiinfeccións alimentarias	190	0,2%
Meninxites víricas	139	0,1%
Parotidite	96	0,1%
Resto	538	0,6%

Fonte: Dirección xeral de Saúde Pública

Evolución do alumnado matriculado nas universidades galegas



Fonte: CEOU. Datos estatísticos do Sistema Universitario de Galicia

As universidades galegas seguen a perder alumnos no curso 2009-2010

No curso 2009-2010, 64.700 alumnos matricularonse nas tres universidades galegas, un 1,3% menos que no curso anterior. A única rama que creceu en número de alumnos foi a das ciencias da saúde, que incrementou o número de alumnos nun 2,6% con respecto ao curso 2008-2009.

Por ramas, a presenza de mulleres segue a ser maior en todas as ramas, excepto na rama de Enxeñaría e Arquitectura.

Alumnos matriculados na ensinanza universitaria segundo rama. Curso 2009-2010

	Núm. de alumnos	% mulleres
Ciencias da Saúde	7.461	75,2
Ciencias	4.380	59,9
Ciencias Sociais e Xurídicas	30.461	65,1
Enxeñaría e Arquitectura	17.564	31,1
Artes e Humanidades	4.834	68,0
Total	64.700	56,9

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Alumnos matriculados na educación non universitaria de réxime xeral. Curso 2010-2011. Datos provisionais

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Educación infantil	65.763	27.685	6.463	6.176	25.439
Educación primaria	130.104	53.448	13.291	12.559	50.806
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	88.016	35.491	9.605	9.245	33.675
Bacharelato ordinario	31.901	13.125	3.644	3.434	11.698
Ciclos formativos	30.102	13.054	3.179	2.729	11.140
Programas de cualificación profesional inicial	2.361	916	211	257	977
Bacharelato de adultos	7.409	4.418	866	626	1.499
Ciclos formativos de adultos	5.906	2.387	690	336	2.493
Ensinanzas básicas e ESO de adultos	9.870	3.750	904	1.045	4.171
Educación especial	1.453	659	85	73	636
Total	372.885	154.933	38.93	36.480	142.534

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

O alumnado matriculado na educación non universitaria de réxime xeral incrementouse nun 1,5% no curso 2010-2011

No curso 2010-2011 incrementouse o número de alumnos matriculados nun 1,5%, o que supón en termos absolutos 5.563 alumnos máis que no curso 2009-2010. Os alumnos que máis contrubuíron a este incremento foron os matriculados nos ciclos formativos (ordinarios e de adultos) e na educación primaria.

Evolución dos alumnos estranxeiros matriculados en educación non universitaria

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2004-2005	7.399	2.557	863	900	3.079
2005-2006	9.071	3.217	1.025	1.048	3.781
2006-2007	10.502	3.987	1.281	1.108	4.126
2007-2008	11.961	4.517	1.510	1.365	4.569
2008-2009	13.739	5.153	1.825	1.582	5.179
2009-2010	14.143	5.395	1.971	1.613	5.164
2010-2011	14.574	5.533	2.052	1.748	5.241

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Nota: os datos dos cursos 2009-2010 e 2010-2011 son provisionais.

O alumnado estranxeiro matriculado na educación non universitaria case se duplicou entre o curso 2004-2005 e o curso 2010-2011

Dende o curso 2004-2005 produciuse en Galicia un aumento continuado no número de estranxeiros matriculados na educación non universitaria, acadando no curso 2010-2011 a cifra de 14.574 alumnos, un 97% máis que os matriculados no curso 2004-2005.

Producción editorial. Ano 2010

	Títulos	Exemplares (miles)	Variación interanual (%)	Variación interanual (%)
A Coruña	1.599	2.163	-5,3	-5,5
Lugo	86	80	-14,9	-14,0
Ourense	129	91	-25,4	-26,0
Pontevedra	964	1.448	-20,8	-26,2
Galicia	2.778	3.783	-12,6	-15,3
España	76.206	132.126	2,3	-28,1

Fonte: INE. Producción editorial de libros

A provincia da Coruña acumulou no ano 2010 o 57,6% dos títulos que se editaron en Galicia

As familias profesionais de Administración e Sanidade son as que contan con máis alumnado no curso 2010-2011

As familias profesionais de Administración e Sanidade son as que acumulan máis alumnado no curso 2010-2011. Ademais, a segunda experimentou no período 2005-2006 a 2010-2011 un incremento porcentual do 26,4%.

Cómpre destacar tamén a familia de servizos socioculturais e á comunidade, que experimentou no dito período un aumento do 66,8%.

Alumnado matriculado en ciclos formativos nas principais familias profesionais. Galicia

	2005-2006	2010-2011	Variación no período (%)
Administración	5.785	5.810	0,4%
Sanidade	4.040	5.105	26,4%
Electricidade e electrónica	4.819	3.898	-19,1%
Servizos socioculturais e á comunidade	1.333	2.224	66,8%
Hostalaría e turismo	2.235	1.820	-18,6%
Comercio e márketing	1.812	1.793	-1,0%
Imaxe persoal	1.695	1.615	-4,7%
Informática	3.187	2.614	-18,0%

Fonte: Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Nota: os datos do curso 2010-2011 son provisionais

Actividade cinematográfica. Galicia. Ano 2009

	2009	Variación interanual (%)
Cines	39	-3%
Salas de exhibición	175	2,9%
Salas por 100.000 habitantes	6,4	3,2%
Películas exhibidas	417	-5,0%
Espectadores (millóns)	4,2	7,7%
Espectadores por sala	23.796	3,1%
Recadación (millóns de euros)	25,2	14,5%
Gasto medio por espectador (euros)	6	7,1%

Fonte: MC. Anuario de estadísticas culturales

Bibliotecas públicas de Galicia

	2009	Variación interanual
Puntos de servizo	310	-15,3%
Colección total	3.517.488	-1,2%
Libros	3.318.516	0,1%
Usuarios inscritos	499.523	19,2%
Préstamos totais	1.433.808	18,1%
Préstamo de libros e folletos	995.453	11,1%

Fonte: Consellería de Cultura e Turismo. Estatística de bibliotecas públicas

Gasto en bens e servizos culturais. Ano 2008


	Galicia	España
Porcentaxe de gasto no total de bens e servizos	2,7	3,1
Gasto medio por fogar (euros)	820,4	997,2
Gasto medio por persoa (euros)	299,6	368,3

Fonte: INE. Encuesta de presupuestos familiares

No ano 2008, o gasto medio por fogar dos galegos en bens e servizos culturais é un 17,7% menos que o gasto medio por fogar no conxunto de España.

Taxa de actividade. Galicia e provincias. Ano 2010

Porcentaxes(%)




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Segundo a enquisa de poboación activa (EPA), no ano 2010 o número de vivendas galegas que tiñan todos os seus membros activos no paro era de 60.200, un 8% do total de vivendas con polo menos un activo. Nesta cantidade non están contabilizadas as 279.500 vivendas nas que non había ningún activo (27,4% do total de vivendas).

Poboación inactiva segundo a situación de inactividade. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Ano 2010

Miles de persoas e porcentaxes

		Miles de persoas	Variación interanual (%)
Ambos os sexos	Total	2.383,3	-0,1%
	Activos	1.300,9	-1,3%
	Ocupados	1.100,7	-4,4%
	Parados	200,3	20,7%
	Inactivos	1.082,4	1,3%
Homes	Total	1.138,3	-0,2%
	Activos	703,6	-1,2%
	Ocupados	600,8	-4,4%
	Parados	102,9	22,8%
Mulleres	Total	1.245,0	-0,1%
	Activas	597,3	-1,2%
	Ocupadas	499,9	-4,4%
	Paradas	97,4	18,6%
	Inactivas	647,8	1,0%

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

En 2010 a taxa de paro en Galicia subiu ata o 15,4%


Galicia, no ano 2010, contaba con 1.300.900 activos, dos cales 1.100.700 estaban ocupados e os 200.300 restantes, parados.

Con respecto ao ano anterior produciuse unha caída do 4,4% no número de ocupados e un incremento do 20,7% no número de parados.

En 2010 a taxa de actividade situouse no 54,6%, seis décimas menos que en 2009. A taxa de ocupación diminuíu 2,1 puntos ata o 46,2% e a taxa de paro aumentou 2,8 puntos ata acadar o 15,4%.

Evolución das taxas de actividade e paro segundo o sexo. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: as gráficas elaboráronse a partir dos datos trimestrais das taxas de actividade e de paro

*Poboación ocupada segundo a situación profesional e o sexo.
Galicia. Ano 2010*
Miles de persoas

	Total	Homes	Mulleres
Total	1.100,7	600,8	499,9
Empresarios sen asalariados	152,8	84,5	68,3
Empresarios con asalariados	71,3	48,7	22,7
Asalariados	863,2	460,9	402,3
Do sector público	196,4	86,6	109,8
Do sector privado	666,8	374,3	292,5
Axudas familiares	12,2	6,3	5,9
Outros	1,1	0,4	0,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa


O 78,4% dos ocupados galegos son asalariados

Dos 1.100.700 ocupados existentes en Galicia no ano 2010, o 20,4% eran traballadores por conta propia, o 78,4% asalariados e o 1,2% restante atopábase noutra situación profesional (axuda familiar, membro de cooperativa ou outra situación).

Neste ano, o 67% dos ocupados galegos traballaban no sector servizos, o 15,6% na industria, o 9,5% na construción e o 7,9% restante na agricultura e pesca.


Con respecto ao ano 2009, o número de ocupados no sector da construción diminuíu un 9,1%. Na industria a caída foi do 11,6%, na agricultura e pesca do 5,3% e no sector servizos os ocupados baixaron un 1,7%.

*Poboación ocupada segundo o sector de actividade e o sexo.
Galicia. Ano 2010*
Porcentaxes



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa


Asalariados segundo o sexo e o tipo de contrato. Galicia. Ano 2010
Porcentaxes



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

En 2010 o 74,9% dos asalariados galegos tiñan un contrato indefinido. No ano anterior esta porcentaxe era do 73,3%.

Ocupados segundo o sexo e o tipo de xornada. Galicia. Ano 2010
Porcentaxes




Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No ano 2010 o 88,3% dos ocupados galegos traballaron a xornada completa. Por sexo, o 4,7% dos homes tiña xornada parcial, mentres que a porcentaxe de mulleres con este tipo de xornada era do 20,0%.

Neste ano o 22,8% dos asalariados galegos traballaba no sector público. Entre as mulleres esta porcentaxe sobe ata o 27,3%.


Variación interanual do número de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral

Porcentaxes



Variación interanual do número de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral de traballadores estranxeiros

Porcentaxes



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Extraído de <http://www.mtin.es>
Nota: os datos anuais calculáronse como media das afiliacións do último día de cada mes.

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados segundo o efecto do expediente. Galicia. Anos 2008 e 2009

	2008	2009
Total	6.801	24.436
Extinción	913	2.308
Suspensión	5.836	20.962
Redución	52	1.166

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Estadística de Regulación de Empleo

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o réxime. Galicia. Ano 2010

Número e porcentaxes

	Afiliacións	Variación interanual (%)
Total	1.007.447	-2,2%
Réxime xeral	735.729	-2,0%
Autónomos	222.819	-2,6%
Traballadores do mar	24.012	-2,5%
Empregados do fogar	20.371	-1,1%
Agrario	4.504	0,8%
Minería do carbón	11	

Fonte: Información subministrada directamente polo Ministerio de Trabajo e Inmigración

Nota: os datos anuais calculáronse como media das afiliacións do último día de cada mes

En 2010 o número de afiliacións á Seguridade Social diminuíu un 2,2%

En 2010, a Seguridade Social contabilizou unha media de 1.007.447 afiliacións en alta laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, o que supón unha diminución de 22.178 afiliacións con respecto ao ano anterior. En termos relativos, esta caída é do 2,2%. Por réximes, o xeral contaba en 2010 con 15.388 afiliacións menos que en 2009; unha perda do 2% dos traballadores. Pola súa banda, o réxime especial de autónomos perdeu 5.980 afiliacións.

Neste ano tamén se produciu unha caída no número de afiliacións de nacionalidade estranxeira, que pasaron de 40.213 en 2009 a 38.797 en 2010.

O paro rexistrado aumentou en 19.992 persoas no ano 2010

En 2010 a media anual do paro rexistrado situouse en 226.237 persoas, un 9,7% máis que no ano anterior. O 43,5% dos parados levaban menos de seis meses nesta situación, o 18,2% entre seis meses e un ano e o 38,3% restante, máis dun ano.

Paro rexistrado segundo a duración da demanda. Galicia. Ano 2010

Número e porcentaxes

	Paro rexistrado	Variación interanual (%)
Total	226.237	9,7%
<= 1 mes	25.323	-2,6%
> 1 mes e <= 6	72.984	-2,0%
> 6 meses e <= a 1 ano	41.167	7,8%
Máis de 1 ano	86.762	28,4%

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal. Extraído de: <http://www.sepe.es>

*Custo laboral anual por traballador e sector de actividade. Galicia.
Ano 2009
Euros*

	Total	Industria	Construción	Servizos
Custo total bruto	26.710	29.088	26.869	25.994
Soldos e salarios	19.403	20.773	18.714	19.140
Cotizacións obrigatorias	6.140	6.888	6.786	5.802
Outros custos	1.168	1.427	1.369	1.052
Subvencións e deducións	276	376	248	252
Custo neto	26.434	28.713	26.621	25.742

Fonte: INE. Encuesta anual de costes laborales

O custo laboral bruto por traballador foi de 26.710 euros en 2009

O custo laboral por traballador en termos brutos foi de 26.710 euros no ano 2009. Se a esta cantidade se lle restan as subvencións e deducións que se reciben das administracións públicas obtense un custo neto de 26.434 euros por traballador. Das partidas que compoñen o custo laboral bruto, o 72,6% destinouse a pagar soldos e salarios, o 23,0% a cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e o 4,4% restante á satisfacción doutros custos (cotizacións voluntarias, prestacións sociais directas, indemnizacións por despedimento, gastos en formación profesional...)

En 2009 o salario medio anual situouse nos 18.219 euros


En 2009 un total de 1.092.430 galegos recibiron contraprestacións en concepto de rendementos do traballo e o seu salario medio situouse nos 18.217 euros anuais. O 26,6% dos asalariados galegos gañou no ano 2009 unha cantidade inferior ao salario mínimo interprofesional que para este ano se situou nos 624 euros mensuais.

*Asalariados segundo o tramo de salario percibido e o sexo. Galicia.
Ano 2009
Número e porcentaxes*

	Asalariados			Porcentaxe	
	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 1 SMI	290.442	129.707	160.735	21,2%	33,5%
De 1 a 2 SMI	366.034	202.232	163.802	33,0%	34,1%
De 2 a 3 SMI	213.329	137.825	75.504	22,5%	15,7%
De 3 a 4 SMI	100.475	63.657	36.818	10,4%	7,7%
De 4 a 5 SMI	61.785	35.278	26.507	5,8%	5,5%
Máis de 5 SMI	60.365	43.883	16.482	7,2%	3,4%
Total	1.092.430	612.582	479.848	100,0%	100,0%


Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Extraído de: <http://www.aeat.es>
SMI: Salario mínimo interprofesional

*Evolución do salario mínimo interprofesional. Galicia
Euros*




Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Extraído de <http://www.mtin.es>

*Evolución do salario medio anual
Euros*



Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Extraído de: <http://www.aeat.es>

*Salario medio anual segundo o sexo e a nacionalidade. Galicia. Ano 2009
Euros*



Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Extraído de: <http://www.aeat.es>

O 59% dos mozos e mozas galegos con idades comprendidas entre os 18 e os 34 anos viven cos pais.


Mozos que viven cos pais segundo a idade. Galicia. Ano 2009

	Número	%
De 18 a 24 anos	168.785	89,1
De 25 a 34 anos	182.788	45,0
Total	351.572	59,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias
Nota: porcentaxe dos mozos que viven cos pais sobre o total da poboación de mozos de cada grupo de idade. A data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Dos mozos que viven cos pais, que teñen entre 25 e 34 anos, un 60,8% ten ingresos procedentes só do traballo, e os que teñen entre 18 e 24 anos, un 50,4% non ten ingresos.

Mozos que viven cos pais segundo a tipoloxía de ingresos e idade. Galicia. Ano 2009



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias
Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro. Outros ingresos inclúe: "Ingresos de prestacións", "Ingresos de traballo e prestacións" e "Outros ingresos".

Fogares segundo a súa tipoloxía. Ano 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unipersoal	205.374	78.782	30.834	35.729	60.029
Sen núcleo	22.078	8.509	4.577	2.844	6.149
Parella con fillos	354.824	145.442	41.811	38.180	129.391
Parella sen fillos	236.291	102.676	30.198	34.275	69.142
Monoparental	97.434	38.989	11.093	14.501	32.852
Un núcleo e outros	81.065	34.889	11.681	9.079	25.416
Varios núcleos	39.865	16.022	4.881	2.935	16.026
Total	1.036.931	425.309	135.074	137.543	339.005
Tamaño medio do fogar (persoas)	2,6	2,6	2,5	2,4	2,8

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias
Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

A finais de 2009 o 19,8% dos fogares galegos eran unipersoais


O día 31 de decembro de 2009 existían 1.036.931 fogares en Galicia cun tamaño medio de 2,6 persoas por fogar. A tipoloxía máis habitual entre os fogares galegos é a formada por unha parella con fillos (o 34,2% dos fogares). Os fogares constituídos por unha parella sen fillos supoñen o 22,8% e o 19,8% dos fogares galegos son unipersoais.

No 20,8% dos fogares galegos todos os seus membros teñen 65 ou máis anos. Esta porcentaxe sobe nas áreas de Ourense e Lugo e descende na franxa atlántica.

Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Áreas. Ano 2009

- 31,3 a 34,6 (5)
- 23,2 a 31,3 (4)
- 18,1 a 23,2 (7)
- 15,9 a 18,1 (2)
- 12,9 a 15,9 (2)


Media galega: 20,8%



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias
Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

Fogares segundo o intervalo de ingresos mensuais. Galicia. Ano 2009

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

En 2009 os fogares galegos ingresaron de media 2.010 euros ao mes

O 66,4% dos ingresos dos fogares galegos procede do traballo, o 54,8% do traballo por conta allea e o 11,6% do traballo por conta propia. O 30,8% provén das prestacións e o 2,8% de rendas e outros ingresos. A Coruña e Pontevedra son as provincias con maiores porcentaxes de ingresos procedentes do traballo, mentres que Lugo e Ourense son as que teñen maiores porcentaxes de ingresos procedentes de prestacións.

Gasto medio por fogar e distribución porcentual por grupos de gasto. Galicia e España. Ano 2009


Euros e porcentaxes

	Galicia		España	
	Euros	%	Euros	%
Alimentos e bebidas non alcohólicas	5.044	17,4	4.377	14,4
Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	575	2,0	623	2,0
Artigos de vestir e calzado	1.962	6,8	1.761	5,8
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros	7.375	25,4	8.951	29,4
Mobiliario, equip. do fogar e gastos correntes	1.592	5,5	1.532	5,0
Saúde	983	3,4	972	3,2
Transportes	3.807	13,1	3.643	12,0
Comunicacións	864	3,0	953	3,1
Ocio, espectáculos e cultura	1.731	6,0	2.065	6,8
Ensino	185	0,6	284	0,9
Hoteis, cafés e restaurantes	2.565	8,8	2.866	9,4
Outros bens e servizos	2.319	8,0	2.384	7,8
Total	29.001	100,0	30.411	100,0

Fonte: INE. Encuesta de presupuestos familiares

Estrutura de ingresos dos fogares. Ano 2009

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


Segundo a enquisa conxuntural a fogares elaborada polo IGE, no segundo trimestre de 2011 o 20,3% dos fogares galegos está pagando a vivenda principal que compraron, o 12,4% o coche e o 3,5% unha segunda vivenda.

Durante o ano 2009, cada fogar galego dedicou de media 29.001 euros para os gastos de consumo.

Por grupos de gasto, os fogares galegos destinaron o 25,4% do seu orzamento a gastos relacionados coa vivenda, o 17,4% a alimentos e bebidas non alcohólicas e o 13,1% ao transporte.

No grupo de gasto de "vivenda", ademais dos alugamentos reais inclúense os alugamentos imputados: cando un fogar é propietario da vivenda na que reside, ou a ten cedida, estímase o valor do alugamento que se pagaría no mercado por unha vivenda similar á que ocupa.

Evolución do número de beneficiarios de prestacións por desemprego. Galicia




Fonte: MTIN. Boletín de estadísticas laborales
Nota: os datos anuais calculáronse como a media do número de beneficiarios o último día de cada mes

No ano 2010 contabilizáronse en Galicia unha media de 149.625 beneficiarios de prestacións por desemprego, un 14,8% máis que en 2009.

A finais do ano 2009, en 7 de cada dez fogares galegos había polo menos unha persoa que percibía ingresos procedentes de prestacións.

Fogares segundo o número de persoas perceptoras de ingresos procedentes de prestacións. Ano 2009

Percentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias
Nota: os datos refírense a 31 de decembro. Os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos

Número de pensións contributivas da Seguridade Social e importe medio. Galicia e España. Ano 2010

Miles de pensións e euros

	Galicia		España	
	Pensións Miles	Importe €	Pensións Miles	Importe €
Total	721,0	651,9	8.671,0	779,5
Incapacidade permanente	69,1	735,6	933,7	849,9
Xubilación	443,6	726,3	5.140,6	884,1
Viuvez	182,6	480,3	2.290,1	571,7
Orfandade e favor familiares	25,7	361,9	306,6	363,7

Fonte: MTIN. Boletín de estadísticas laborales
Nota: medias anuais

No ano 2010, a pensión media contributiva en Galicia é de 652 euros ao mes

No ano 2010 rexistráronse en Galicia unha media de 721.000 pensións contributivas ao sistema da Seguridade Social, cun importe medio de 652 euros ao mes. Para o conxunto de España, o importe medio das pensións contributivas é de 780 euros mensuais.

O 61,5% das pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia son de xubilación e o seu importe medio ascende aos 726,3 euros ao mes, un 3,6% máis que en 2009. As pensións de viuvez supoñen o 25,3% das pensións contributivas. O importe medio mensual destas pensións subiu un 3,3% con respecto ao ano 2009 e acada os 480,3 euros.

En canto ás pensións non contributivas da Seguridade Social, en 2010 existían en Galicia 47.275 beneficiarios.

Número de beneficiarios de pensións non contributivas. Galicia. Ano 2010

	Beneficiarios
Renda de integración social de Galicia (RISGA)	4.989
Pensións non contributivas da Seguridade Social	47.275
Invalidez	17.879
Xubilación	29.396
Lei de integración social dos minusválidos (LISMI)	1.601
Pensións asistenciais (FAS)	36
Axudas de emerxencia social (AES)	3.041

Fonte: MTIN. Boletín de estadísticas laborales Información subministrada directamente pola Consellería de Traballo e Benestar
Nota: a data de referencia dos datos é a media do ano 2010 para as pensións non contributivas da SS, o LISMI e as FAS e o 31 de decembro de 2010 para o RISGA e as AES

Delitos segundo o tipo de delito e o sexo do infractor. Galicia. Ano 2009

	Total	Homes	Mulleres
Total	15.209	14.054	1.155
Contra a seguridade colectiva	7.874	7.430	444
Contra o patrimonio e a orde socioeconómica	2.310	2.034	276
Lesións	1.928	1.758	170
Contra a Administración de xustiza	832	749	83
Contra a orde pública	681	595	86
Contra a liberdade	486	476	10
Contra as relacións familiares	255	245	10
Torturas e integridade moral	249	235	14
Das falsidades	206	174	32
Contra a liberdade e indemnidade sexuais	142	139	3
Homicidio e as súas formas	86	77	9
Contra os dereitos dos traballadores	53	47	6
Outros	107	95	12

Fonte: INE. Estadística de condenados
Nota: datos provisionais
O criterio xeográfico utilizado é o lugar de condena

Os delitos máis habituais son contra a seguridade colectiva

No ano 2009 condenáronse en Galicia un total de 12.000 persoas con sentenza firme, o 91,7% dos cales eran homes. Por nacionalidades, o 91,9% dos condenados tiñan nacionalidade española.

Neste ano inscribíronse un total de 15.209 delitos cometidos. Segundo a tipoloxía, os que tiveron unha maior incidencia foron os delitos contra a seguridade colectiva (51,8%), os delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica (15,2%) e os delitos de lesións (12,7%).


Menores condenados en Galicia segundo o sexo, a nacionalidade e o número de infraccións penais. Ano 2009

	Total	Homes	Mulleres
Segundo a nacionalidade			
Total	743	627	116
Españóis	650	549	101
Estranxeiros	93	78	15
Segundo o número de infraccións penais			
Unha	537	439	98
Dúas	123	112	11
Tres	39	35	4
Máis de tres	44	41	3

Fonte: INE. Estadística de menores
Nota: datos provisionais
Considéranse menores os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos (ambos os dous inclusive).


Condenados en Galicia segundo a idade e o sexo. Ano 2009

Porcentaxes



Fonte: INE. Estadística de condenados
Nota: datos provisionais

Condenados en Galicia segundo a nacionalidade. Ano 2009



Fonte: INE. Estadística de condenados
Nota: datos provisionais

Número de delitos e condenados por mil habitantes. Galicia e España. Ano 2009

	Condenados/ 1.000 hab.	Delitos/ 1.000 hab.
Galicia	4,3	5,4
España	4,7	5,9

Fonte: INE. Estadística de condenados
Nota: datos provisionais
O criterio xeográfico utilizado é o lugar da condena

Efectivos e explotacións de gando bovino. Ano 2009

	Número
Núm. explotacións	47.394
Núm. bovinos	948.747
Vacas	555.481
De muxidura	334.841
De non muxidura	220.640
Outros bovinos	393.266

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SITRAN (Sistema Integrado de Trazabilidade Animal) proporcionados pola Consellería do Medio Rural


Efectivos de gando porcino por tipoloxías. Decembro de 2009

	Número
Total porcino	1.168.333
Leitóns	399.171
Porcos	275.342
Porcos da ceba	376.855
Verróns	1.144
Porcas que nunca pariron	16.196
Porcas que xa pariron	99.625

Fonte: Consellería do Medio Rural. Anuario de Estatística Agraria e Sector porcino industrial

Prezos do leite percibidos polos produtores. Galicia

Euros/100 litros



Fonte: Consellería do Medio Rural. Extraído de: <http://mediorural.xunta.es/>
Nota: o prezo non inclúe o IVE

Principais datos económicos da rama agraria e pesqueira. Galicia. Ano 2010

	2010
Valor engadido bruto (miles de euros)	2.189.907
VEB da rama agraria e pesqueira / PIB (%)	3,8%
Crecemento do valor engadido bruto (%)	3,1%
Ocupados (miles de persoas)	
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	66,0
Pesca e acuicultura	20,6

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: o crecemento do valor engadido bruto (VEB) está calculado como a taxa de variación interanual do índice de volume. Os datos de 2010 do VEB e do PIB son avance

No ano 2010 o valor engadido bruto (VEB) da rama agraria e pesqueira situouse nos 2.189,9 millóns de euros (prezos correntes) o que supón o 3,8% do PIB de Galicia nese ano. Con respecto ao ano anterior o VEB da agricultura e da pesca medrou un 3,1% (medido en termos de índices de volume).

Explotacións agrícolas

No ano 2009 existían en Galicia 79.909 explotacións agrícolas cunha superficie agrícola utilizada (SAU) de 647.598 hectáreas. O 31% desta superficie era terras labradas, na súa maior parte cultivos herbáceos. A superficie dedicada a pastos permanentes era de 447.850 hectáreas. Con respecto ao ano 1999 produciuse unha perda de 189.086 explotacións e unha diminución dun 7% da superficie agrícola utilizada.

Explotacións agrícolas con terras. Galicia. Anos 1999 e 2009

	1999	2009
Número de explotacións	268.995	79.909
Superficie total (ha)	2.041.799	914.853
Superficie agrícola utilizada (ha)	696.691	647.598
Terras labradas (ha)	258.878	199.749
Cultivos herbáceos (ha)	228.493	182.567
Froiteiras (ha)	12.373	7.271
Oliveiras (ha)	23	17
Viñedo (ha)	17.831	9.359
Outros (ha)	160	533
Pastos permanentes (ha)	437.812	447.850

Fonte: INE. Censo agrario. Extraído de: <http://www.ine.es>

Venda nas lonxas. Datos xerais de pesca fresca. Galicia. Ano 2010

	Ano 2010		Variación 2009-2010 (%)	
	Cantidade (kg)	Importe (€)	Cantidade (kg)	Importe (€)
Algas	55.472	28.358	-11,8	-23,5
Bivalvos	8.528.258	69.315.331	-5,0	1,4
Cefalópodos	11.962.418	30.799.412	43,3	50,0
Crustáceos	1.305.954	24.533.945	-15,0	-2,9
Equinodermos	629.900	1.793.013	45,6	47,6
Gasterópodos	8.909	18.522	-36,9	-43,9
Peixes	164.691.208	331.036.316	-6,5	8,2
Poliquetos	4.838	210.693	31,0	39,6
Resto	207.745	645.417	-11,0	10,6
Total	187.394.703	458.381.007	-4,3	8,5

Fonte: Consellería do Mar. Anuario de Pesca de Galicia 2010

No ano 2010 vendéronse nas lonxas galegas 187.395 toneladas de produtos de pesca fresca que xeraron 458,4 millóns de euros. Con respecto ao ano anterior o volume de vendas (quilos) diminuíu un 4,3% mentres que o importe medrou un 8,5%.

Para o peixe, as capturas vendidas nas lonxas baixaron un 6,5% pero os ingresos xerados por estas vendas incrementáronse un 8,2%.

As vendas de bivalvos caeron un 5% e o importe destas aumentou un 1,4%.

Principais especies vendidas nas lonxas. Galicia. Ano 2010

Por cantidade

	Quilos
Xurelo	28.574.039
Pescada	22.610.845
Xarda pinta	18.898.845
Sardiña	15.459.960
Lirio	9.363.215
Xarda	9.119.548
Rapantes	7.651.313
Castañeta	7.357.103
Congro	5.140.313
Peixe Sapo	4.722.873

Por importe


	Euros
Pescada	64.572.035
Rapantes	30.077.003
Xurelo	24.121.065
Peixe sapo	24.107.416
Ameixa fina	16.611.958
Polbo	16.340.470
Ameixa babosa	15.789.866
Castañeta	15.121.830
Sardiña	14.810.992
Berberecho	14.452.106

Fonte: Consellería do Mar. Anuario de Pesca de Galicia 2010


Venda nas lonxas. Distribución porcentual das vendas por lonxa. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes

Segundo a cantidade vendida



Segundo o importe das vendas



Fonte: Consellería do Mar. Anuario de Pesca de Galicia 2010

Produción de acuicultura mariña. 2010

	Peso Tm	Importe Millóns €
Total	222.784	167,5
Mexillón	212.030	86,6
Rodaballo	6.653	57,0
Ameixa	1.570	12,0
Berberecho	896	3,4
Ostra	1.176	4,6
Outros	458	3,8

Fonte: Consellería do Mar. Anuario de acuicultura 2010


Consumo de gasolinas e gasóleos. Galicia

Miles de toneladas

	2009	2010
Gasolina 95 I.O.	303	286
Gasolina 98 I.O.	30	26
Total gasolinas	333	312
Gasóleo A	1.505	1.494
Gasóleo B	548	538
Gasóleo C	263	273
Total gasóleos	2.317	2.304

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.
CORES. Extraído de <http://www.cores.es>

Electricidade neta xerada. Galicia. Ano 2009



Fonte: INEGA. Balance enerxético de Galicia. 2009

A electricidade dispoñible para o consumo final en Galicia. Ano 2009

	Xeración Ktep	Xeración %
Produtos petrolíferos	120	4,5
Carbón	608	22,8
Gas natural	333	12,5
Grande hidráulica	570	21,3
Minihidráulica	79	3,0
Eólica	666	24,9
Biomasa	17	0,6
Biogás	1	0,0
Residuos sólidos urbanos (RSU)	26	1,0
Outros residuos	26	1,0
Solar	1	0,0
Electricidade importada	224	8,4
Total electricidade dispoñible en Galicia	2.671	100,0

Fonte: INEGA. Balance enerxético de Galicia. 2009


No ano 2009 o 55,6% da electricidade xerada en Galicia foi mediante fontes de enerxía renovables

No ano 2009 xeráronse en Galicia 2447 Ktep de enerxía eléctrica, dos cales o 55,6% procedía de fontes de enerxía renovables, principalmente da enerxía eólica (27,2%) e hidráulica (26,5%).

A industria absorbeu no 2009 o 56% da enerxía consumida en Galicia, os fogares o 22,3% e o sector servizos o 19,2%.

Distribución de enerxía eléctrica por sectores de uso. Galicia. Ano 2009

Ktep



Fonte: INEGA. Balance enerxético de Galicia. 2009

*Principais indicadores de actividade na industria. Galicia.
Ano 2009*

	Valor absoluto (horas/miles de euros)	Variación interanual (%)
Horas traballadas	262.967	-12,3
Importe neto da cifra de negocios	33.376.071	-20,3
Total de ingresos de explotación	34.433.026	-19,9
Consumos e traballos realizados por outras empresas	21.832.845	-22,7
Gastos de persoal	4.452.350	-9,6
Total de gastos de explotación	32.208.339	-18,6

Fonte: INE. Encuesta Industrial de Empresas. Extraído de <http://www.ine.es>

O importe neto da cifra de negocios diminuíu un 20,3% en 2009 con respecto ao ano anterior

A agrupación de actividade cunha maior contribución á cifra de negocios da industria é a do material de transporte (23,7% do total), seguida da alimentación, bebidas e tabaco (20,1%) e das industrias extractivas e do petróleo, enerxía e auga (17,8%).

A agrupación cunha maior porcentaxe de ocupados é a alimentación, bebidas e tabaco, cun 18,5%. Por outra parte, o número total de persoas ocupadas no ano 2009 diminúe un 11,9% con respecto ao 2008.

*Importe neto da cifra de negocios por agrupacións de actividade.
Galicia. Ano 2009*

	Importe neto (miles de euros)	%
Total industria	33.376.071	100,0
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	5.934.444	17,8
Alimentación, bebidas e tabaco	6.716.647	20,1
Téxtil, confección, coiro e calzado	1.754.005	5,3
Madeira e cortiza, papel e artes gráficas	1.829.688	5,5
Industria química e farmacéutica	1.368.785	4,1
Caucho e materias plásticas	739.283	2,2
Produtos minerais non metálicos diversos	1.285.516	3,9
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipo	3.374.826	10,1
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	885.884	2,7
Maquinaria e equipo mecánico	660.066	2,0
Material de transporte	7.916.844	23,7
Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo	910.081	2,7

Fonte: INE. Encuesta Industrial de Empresas. Extraído de <http://www.ine.es>

**Persoas ocupadas na industria. Galicia.
Ano 2009**

	2009
Alimentación, bebidas e tabaco	28.109
Material de transporte	22.144
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipo	21.474
Téxtil, confección, coiro e calzado	16.920
Madeira e cortiza, papel e artes gráficas	13.472
Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo	13.400
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	11.288
Produtos minerais non metálicos diversos	10.525
Caucho e materias plásticas	4.455
Maquinaria e equipo mecánico	3.958
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	3.715
Industria química e farmacéutica	2.695
Total industria	152.155

Fonte: INE. Encuesta Industrial de Empresas. Extraído de <http://www.ine.es>

Número de edificios que se van construír de nova planta, en rehabilitación e en demolición. Galicia


	Ano 2010
Nova planta	2.506
Rehabilitación	1.519
Demolición total (*)	202

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios
Nota: os datos son provisionais
(*) que non vai dar lugar a construción dun novo edificio

Prezo medio do metro cadrado da vivenda libre nos concellos maiores de 25.000 habitantes . Segundo trimestre 2011 Euros/m²

	Prezo medio
Arteixo	1.157,7
Carballo	868,2
Coruña (A)	1.977,3
Culleredo	1.375,0
Ferrol	1.072,9
Narón	1.026,3
Oleiros	1.594,2
Ribeira	1.238,0
Santiago de Compostela	2.107,1
Lugo	1.126,7
Ourense	1.437,4
Marín	1.042,3
Pontevedra	1.453,1
Redondela	1.161,7
Vigo	1.726,5
Vilagarcía de Arousa	1.035,7

Evolución do prezo da vivenda libre e protexida. Galicia Euros/m²



Fonte: Ministerio de Fomento. Extraído de <http://www.mfom.es>
Nota: a gráfica elaborouse con datos trimestrais e o último dato corresponde ao primeiro trimestre de 2011

Licenzas municipais de obra. Variación neta do parque de vivendas. Galicia

	2010	Variación interanual
Variación neta do parque de vivendas	5.038	-35,2%
Vivendas que se van crear		
De nova planta	4.827	-34,5%
En rehabilitación	715	-23,8%
Vivendas que se van demoler	504	-5,8%

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios.
Os datos son provisionais

No ano 2010 concedéronse en Galicia licenzas para a construción de 4.827 vivendas de nova planta

Segundo os datos da Estatística de construción de edificios no ano 2010 concedéronse licenzas para a construción de 4.827 vivendas de nova planta, un 34,5% menos que no ano 2009. Por outra banda tamén se concederon 715 licenzas para a rehabilitación de vivendas e 504 para a súa demolición.

No segundo trimestre do ano 2011 o prezo medio do metro cadrado da vivenda libre situouse en 1.402,1 euros, un 3,2% menos que no mesmo trimestre do ano 2010.

O número de compravendas efectuadas sobre vivendas da "Estadística de transmisións de derechos de la propiedad" do INE, mostra un aumento das compravendas no ano 2010 do 8,2% para Galicia.

Vivendas transmitidas segundo o título de adquisición. Ano 2010

	2010	Variación interanual
Total	40.052	8,2%
Compravenda	22.570	6,0%
Doazón	435	-10,5%
Permuta	706	-22,3%
Herdanza	5.366	13,4%
Outros medios	10.975	14,4%

Fonte: INE. Estadística de transmisións de derechos de la propiedad

Compravenda de vivendas segundo réxime. Ano 2010

	Libre		Protexida	
	2010	Variación interanual	2010	Variación interanual
Galicia	21.342	6,2%	1.335	12,1%
A Coruña	9.771	8,9%	610	48,8%
Lugo	2.850	12,2%	238	-42,5%
Ourense	2.642	17,1%	122	16,2%
Pontevedra	6.079	-4,0%	365	39,3%

Fonte: INE. Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad

No 2010, a compravenda de vivendas protexidas en Galicia incrementouse un 12,1%

Segundo a "Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad" elaborada polo INE, no ano 2010 transmitíronse 1.335 vivendas protexidas en concepto de compravenda, un 12,1% máis que no ano 2009. As transmisións en concepto de compravenda das vivendas libres incrementáronse un 6,2% respecto ao ano 2009.

Número de vivendas terminadas. Galicia. Ano 2010

	Libre		Protexida	
	2010	Variación interanual	2010	Variación interanual
Galicia	17.245	-22,1%	2.261	27,2%
A Coruña	7.014	-29,4%	793	-9,0%
Lugo	2.355	-49,1%	84	-83,2%
Ourense	1.664	25,2%	291	282,9%
Pontevedra	6.212	-0,7%	1.093	231,2%


Fonte: Ministerio de Fomento. Extraído de <http://www.mfom.es>

No 2010 termináronse en Galicia un 27,2% máis de vivendas protexidas que no ano anterior

Segundo o Ministerio de Fomento, termináronse un total de 2.261 vivendas protexidas, un 27,2% máis que no ano 2009. Non obstante, o número de vivendas libres terminadas descendeu un 22,1%.

Compravenda de vivendas segundo réxime. Ano 2010. Galicia

Porcentaxes




Fonte: INE. Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad

Do total de vivendas trasmitidas por compravenda o 62,5% corresponden a vivendas libres.

Evolución do número de vivendas iniciadas e terminadas. Galicia


Miles



Fonte: Ministerio de Fomento. Extraído de <http://www.mfom.es>

Evolución do índice da cifra de negocios do sector servizos

Taxas de variación anuais (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios. Extraído de <http://www.ine.es>


Crecedemento do VEB dos servizos de mercado en termos reais

Taxas de variación interanuais (%)



No ano 2010 os servizos de mercado supoñen o 45,8% do produto interior bruto de Galicia.

Evolución da contribución dos servizos de mercado ao PIB de Galicia



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral. Os datos dos anos 2007 e 2008 son provisionais e os de 2009 e 2010 son avance

Principais magnitudes dos servizos de mercado. Galicia. Ano 2009

	Comercio	Resto de servizos	Total
Número de locais	60.048	68.463	128.511
Volume de negocio	36.800.942	14.626.697	51.427.639
Soldos e salarios	2.493.331	3.222.619	5.715.950
Investimento en activos materiais	637.438	1.231.955	1.869.393
Persoal ocupado	185.705	245.716	431.421

Fonte: INE. Encuesta anual de servicios

INE. Encuesta anual de comercio

Nota: datos económicos en miles de euros

Resultados segundo a ubicación dos locais


O 43% dos ocupados nos servizos de mercado pertence ao sector do comercio

No ano 2009 un total de 128.511 locais e 431.421 ocupados dedícanse aos servizos de mercado segundo as enquisas anuais de servizos e comercio que elabora o INE.

A principal agrupación de actividade nos servizos de mercado é o comercio, que ocupa ao 43% do total de traballadores e xera o 71,6% do volume de negocio.

Distribución do persoal ocupado e do volume de negocio nos servizos de mercado por agrupacións de actividade. Galicia. Ano 2009

Porcentaxes



Fonte: INE. Encuesta anual de servicios

INE. Encuesta anual de comercio

Datos de oferta do turismo segundo tipo de establecemento. Galicia. Ano 2010

	Establecementos estimados	Prazas estimadas	Grao ocupación	Variación interanual prazas estimadas %
Hoteleiros	1.553	62.783	35,4	0,6%
Turismo rural	539	6.630	15,8	1,8%
Acampamentos	47	16.313	21,8	-0,5%
Apartamentos	714	2.686	22,0	5,8%

*Nota: grao de ocupación por prazas excepto nos acampamentos, que se considera o grao de ocupación por parcela.
Os establecementos e as prazas estimadas son medias anuais
Datos provisionais*

Segundo as enquisas de turismo elaboradas polo INE, no ano 2010 produciuse un crecemento da oferta de prazas en todos os aloxamentos turísticos agás nos acampamentos, que baixaron un 0,5% respecto ao ano anterior.


En canto á demanda, o número de noites aumentou en todas as tipoloxías de establecementos: un 10,1% nos aloxamentos hoteleiros, un 5,3% nos establecementos de turismo rural, un 4,6% nos apartamentos e un 2,1% nos acampamentos.

Demanda do turismo segundo tipo de establecemento. Galicia. Ano 2010


	Viaxeiros	Noites	Estadía media (días)	Variación interanual das noites %
Hoteleiros	3.798.645	8.196.397	2,2	10,1
Turismo rural	193.119	388.843	2,0	5,3%
Acampamentos	232.807	860.468	3,7	2,1%
Apartamentos	50.268	219.097	3,1	4,6%

Fonte: INE. Enquisas de ocupación hoteleira, en aloxamentos de turismo rural, acampamentos turísticos e apartamentos turísticos. Datos provisionais

Facturación media dos hoteis por cada habitación ocupada. Galicia. Ano 2010




Ingreso por habitación dispoñible (establecementos hoteleiros). Galicia. Ano 2010




*Fonte: INE. Indicadores de Rentabilidade del Sector Hotelero
Nota: os ingresos por habitación dispoñible están condicionados pola ocupación rexistrada nos establecementos hoteleiros. Datos provisionais*

Viaxeiros e noites en establecementos hoteleiros nos principais puntos e zonas turísticas. Ano 2010



No ano 2010 o número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros e residentes no estranxeiro aumentou un 15,3% con respecto ao ano anterior.


Viaxeiros en establecementos hoteleiros segundo o país de residencia. Galicia. Ano 2010



*Fonte: INE. Encuesta de ocupación hoteleira
Nota: os datos de 2010 son provisionais*


Evolución do número de pasaxeiros nos aeroportos galegos

Miles de pasaxeiros




Fonte: Ministerio de Fomento

Evolución do número de matriculacións de vehículos. Galicia



Fonte: Dirección General de Tráfico. Extraído de: <http://www.dgt.es>
Nota: datos provisionais

Evolución do número de mortos en accidentes de tráfico. Galicia



Fonte: Dirección General de Tráfico. Anuario estadístico de accidentes

Transporte de mercadorías por estrada. Ano 2010. Galicia

Toneladas

	2010	Variación anual (%)
Transporte intrarrexional	103.743	3,4%
Transporte interrexional		
Recibido doutras CC.AA.	12.126	1,6%
Expedido a outras CC.AA.	11.998	2,3%
Transporte internacional		
Recibido	1.041	-16,1%
Expedido	2.115	-7,3%

Fonte: Ministerio de Fomento. Encuesta permanente de transporte de mercancías por carretera

Transporte marítimo de mercadorías nos portos de titularidade estatal. Ano 2009. Galicia

Toneladas

	2009	Variación anual (%)
Mercadorías descargadas	23.610	-7,7%
Mercadorías cargadas	6.203	-11,8%

Fonte: Puertos del Estado. Resumen General del Tráfico Portuario
Nota: os datos do ano 2009 son provisionais

Diminúe o número de matriculacións de vehículos

No ano 2010 matriculáronse en Galicia 71.236 vehículos, dos cales 52.197 foron turismos. Con respecto ao ano anterior o número total de vehículos matriculados diminuíu un 12,8% e o de turismos un 13,4%.

Diminúe o número de mortos en accidentes de tráfico

No ano 2009 producíronse un total de 3.549 accidentes de tráfico (con vítimas) nas estradas galegas, dos cales 203 foron mortais. Estes accidentes segaron a vida de 246 persoas (20 menos que no ano anterior) e causaron 5.278 feridos.

Accidentes de tráfico con vítimas. Galicia. Ano 2009

	Ano 2009	Variación interanual (%)
Accidentes	3.549	-6,2%
Mortais	203	-7,3%
Non mortais	3.346	-6,2%
Vítimas	5.524	-4,1%
Mortos	246	-7,5%
Feridos	5.278	-3,9%

Fonte: Dirección General de Tráfico. Anuario estadístico de accidentes
Nota: o cómputo de mortos está realizado a 30 días

Empresas por actividade principal (CNAE 2009). Galicia. Ano 2010

	Número 2010	Distribución (%)	Var. interanual (%)
Industrias extractivas	373	0,2	-6,3
Industria manufacturera	13.249	6,7	-6,1
Enerxía eléctrica, gas e auga	725	0,4	-5,8
Construción	33.918	17,1	-5,0
Comercio	52.474	26,4	-1,3
Transporte e almacenamento	13.217	6,6	-4,9
Hostalaría	21.192	10,7	-0,7
Información e comunicacións	1.892	1,0	3,6
Activ. financeiras e de seguros	4.599	2,3	0,8
Actividades inmobiliarias	3.753	1,9	2,6
Activ. profesionais, científicas e técnicas	21.197	10,7	1,1
Activ. administrativas e servizos auxiliares	7.038	3,5	15,2
Educación	4.522	2,3	4,9
Activ. sanitarias e de servizos sociais	6.346	3,2	-0,6
Activ. artísticas, recreativas e de entretemento	4.192	2,1	2,6
Outros servizos	10.187	5,1	2,2
Total	198.874	100,0	-1,2

A metade das empresas galegas non ten asalariados

Segundo o Directorio central de empresas elaborado polo INE, o número de empresas activas con sede social en Galicia era 198.874 o día 1 de xaneiro de 2010, o que supón unha diminución do 1,2% respecto ao ano anterior. O 51,3% destas empresas non conta con ningún asalariado.

Empresas por estrato de asalariados. Galicia. Ano 2010



Fonte: INE. Directorio central de empresas
 Nota: non se cobre a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración central, autonómica e local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico.
 Empresas con sede social en Galicia.
 Resultados referidos ao 1 de xaneiro de 2010

Sociedades mercantís. Galicia. Ano 2010

	2010	Variación interanual
Creadas	4.039	5,3%
Anónimas	44	100,0%
Limitadas	3.995	4,7%
Aumentan capital	1.735	-5,6%
Anónimas	132	-8,3%
Limitadas	1.603	-5,3%
Disoltas	1.342	18,3%

Fonte: INE. Estadística de sociedades mercantís.
 Nota: os datos de 2010 son provisionais

O número de sociedades mercantís creadas en 2010 aumentou un 5,3% respecto do ano anterior. Pola súa banda, o número de sociedades mercantís disoltas medra un 18,3%.

O importe medio das hipotecas constituídas no ano 2010 en Galicia diminuíu un 10,9%, ata situarse nos 96.416 euros.

Número e importe medio dos predios hipotecados. Galicia. Ano 2010

Número, euros e porcentaxes

	2010	Variación interanual
Total		
Número	55.898	-2,2%
Importe medio	96.416	-10,9%
Rústicos		
Número	2.392	-24,3%
Importe medio	117.228	-3,0%
Urbanos		
Número	53.506	-0,9%
Importe medio	95.485	-11,2%
Vivendas		
Número	32.396	-2,4%
Importe medio	104.953	-2,8%

Fonte: INE. Estadística de hipotecas
 Nota: os datos de 2010 son provisionais

Distribución funcional do orzamento consolidado de gastos da Administración xeral, dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas. Galicia. Ano 2011
Millóns de euros e porcentaxes

	Millóns de euros	%
Actuacións xerais	236,9	2,4
Protección civil e seguridade cidadá	21,6	0,2
Protección e promoción social	975,0	10,0
Produc. bens públicos de carácter social	6.084,3	62,7
Produc. bens públicos de carácter económico	891,9	9,2
Regulación económica de carácter xeral	89,9	0,9
Regulación económica de sectores produtivos e desenv. empresarial	683,6	7,0
Transferencias a entidades locais	119,7	1,2
Débeda pública	605,2	6,2
Total	9.708,0	100,0

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

Segundo a distribución funcional do orzamento consolidado de gastos, o 62,7% irá destinado á produción de bens públicos de carácter social (sanidade, educación, cultura, deportes, vivenda e outros servizos). A protección e promoción social suporá un 10% e a produción de bens públicos de carácter económico (infraestruturas, actuacións ambientais, I+D+i, etc.) un 9,2%.

Orzamento consolidado da Administración xeral, dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas. Galicia. Ano 2011
Millóns de euros

	Ingresos		Gastos
Operacións correntes	7.858,0	Operacións correntes	7.485,6
I Impostos directos	2.031,0	I Gastos de persoal	3.615,8
II Impostos indirectos	2.783,7	II Gastos en bens correntes e servizos	1.345,7
III Taxas, prezos e outros	281,1	III Gastos financeiros	195,7
IV Transferencias correntes	2.748,0	IV Transferencias correntes	2.328,3
V Ingresos patrimoniais	14,2	V Fondo de continxencia	77,8
Operacións de capital	684,3	Operacións de capital	1.603,1
VI Alleamento de investimentos reais	26,5	VI Investimentos reais	804,3
VII Transferencias de capital	657,8	VII Transferencias de capital	798,8
Operacións financeiras	1.165,7	Operacións financeiras	541,6
VIII Activos financeiros	20,8	VIII Activos financeiros	131,9
IX Pasivos financeiros	1.144,9	IX Pasivos financeiros	409,7
Total	9.708,0	Total	9.708,0
Part. das CC.LL. nos tributos do Estado. Tratamento extraorzamentario			
	840,0		840,0
Total	10.548,0	Total	10.548,0


A previsión inicial do orzamento consolidado diminuíu un 10,8%

A previsión inicial dos orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 é de 9.708 millóns de euros, un 10,8% menos que a previsión inicial do exercicio anterior.


A previsión de ingresos procedentes dos impostos directos e indirectos experimentou un incremento conxunto de 1.544,1 millóns de euros (un 47,2%). As transferencias correntes, que en 2011 supoñen o 28,3% do orzamento consolidado de ingresos, diminuíron en 1.749 millóns de euros (un 38,9%).

Orixe dos ingresos e destino dos gastos do orzamento consolidado da Administración xeral, dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas. Galicia. Ano 2011
Porcentaxes

Ingresos



Gastos



Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Criterio de caixa. Ano 2009
Millóns de euros e porcentaxes

	Ingresos	%
Capítulo I: impostos directos	1.727,3	100,0
Tarifa autonómica do IRPF	1.570,8	90,9
Imposto xeral sobre sucesións e doazóns	156,2	9,0
Imposto sobre o patrimonio	0,3	0,0
Capítulo II: impostos indirectos	2.110,0	100,0
Imposto sobre transmisións entre vivos	135,0	6,4
Imposto sobre actos xurídicos documentados	181,4	8,6
Imposto sobre o valor engadido (35%)	1.059,3	50,2
Impostos especiais	631,8	29,9
Imposto polo miúdo de hidrocarburos	88,9	4,2
Tributación autonómica sobre o xogo	3,4	0,2
Gravame sobre contaminación atmosférica	2,2	0,1
Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	7,9	0,4
Capítulo III: taxas e outros ingresos	242,5	100,0

Fonte: Información subministrada directamente pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Durante o ano 2009 a Xunta de Galicia, xunto cos seus organismos autónomos, recadaron 1.727,3 millóns de euros en impostos directos, 2.110,0 millóns en impostos indirectos e 242,5 en taxas e outros ingresos.

Pola súa banda, o Estado recadou na Comunidade Autónoma de Galicia 3.146,7 millóns en impostos directos, procedentes na súa maior parte do IRPF (73,7%) e do imposto sobre sociedades (24,9%). Por impostos indirectos ingresou 1.163,7 millóns (o 88,9% procedente do IVE) e por taxas e outros ingresos 43,3 millóns.

Recadación tributaria do Estado en Galicia. Criterio de caixa. Ano 2009
Millóns de euros e porcentaxes

	Recadación	%
Capítulo I: impostos directos	3.146,7	100,0
IRPF	2.318,2	73,7
Imposto sobre sociedades	783,6	24,9
Imposto sobre a renda dos non residentes	43,0	1,4
Capítulo II: impostos indirectos	1.163,7	100,0
Imposto sobre o valor engadido (IVE)	1.034,6	88,9
Impostos especiais	44,3	3,8
Imposto sobre primas de seguros	1,9	0,2
Tráfico exterior	83,0	7,1
Capítulo III: taxas e outros ingresos	43,3	100,0

Fonte: Instituto de Estudios Fiscales. BADESPE. Extraído de <http://www.estadief.minhac.es>

Nota: No total do capítulo III están incluídos prezos e outros ingresos que non son tributarios

Ingresos tributarios das entidades locais (municipios + deputacións). Galicia. Ano 2008
Millóns de euros

	Recadación líquida	%
Impostos directos	561,0	100,0
IRPF	43,3	7,7
Bens inmoables	306,9	54,7
IVTM	109,8	19,6
Incremento do valor dos terreos urbanos	23,0	4,1
IAE	67,1	12,0
Recargas	10,9	1,9
Impostos indirectos	117,6	100,0
IVE	43,6	37,1
Impostos especiais	12,2	10,4
Sobre construcións, instalacións e obras	60,9	51,8
Taxas e outros	306,8	100,0


Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda. Liquidación de los presupuestos de las entidades locales. Extraído de <http://www.meh.es>

No ano 2008 os concellos galegos, xunto coas catro deputacións provinciais recadaron 561 millóns de euros en impostos directos. Os maiores ingresos en impostos directos proceden do imposto sobre bens inmoables (54,7%), imposto sobre vehículos de tracción mecánica (19,6%) e do imposto sobre actividades económicas (12%).

Por impostos indirectos ingresaron 117,6 millóns de euros, o 51,8% dos cales procedía de impostos sobre construcións, instalacións e obras.


Por taxas e outros ingresos a recadación acadou os 306,8 millóns de euros.

Evolución anual do IPC Taxas de variación interanuais (%)



Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Base 2006

Evolución anual do índice de prezos da vivenda Taxas de variación interanuais (%)



Fonte: INE. Índice de precios de la vivienda. Base 2007

O índice de prezos da vivenda trata de medir a evolución dos prezos de compravenda das vivendas de prezo libre, tanto novas como de segunda man.

No cuarto trimestre de 2010, o índice de prezos da vivenda diminuíu en Galicia un 1,4% con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. Para o conxunto de España esta diminución foi do 1,9%.

Índice de prezos de consumo (IPC). Galicia. Ano 2010 Medias anuais

	Índice medio 2010	Variación media anual (%)
Xeral	108,1	1,9%
Alimentos e bebidas non alcohólicas	106,8	-1,0%
Bebidas alcohólicas e tabaco	132,1	9,8%
Vestido e calzado	99,7	-0,3%
Vivenda	115,6	4,8%
Enxoval	107,8	0,2%
Medicina	98,4	0,0%
Transporte	108,9	6,9%
Comunicacións	98,6	-0,8%
Ocio e cultura	97,3	-1,4%
Ensino	115,1	2,4%
Hoteis, cafés e restaurantes	115,8	1,8%
Outros bens e servizos	110,1	1,9%

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Base 2006

Soben os prezos dos bens e servizos de consumo

No ano 2010 en Galicia, a taxa de variación media anual dos prezos de bens e servizos de consumo situouse no 1,9%.

Atendendo aos doce grandes grupos de bens e servizos de consumo, as maiores subidas de prezos déronse nas bebidas alcohólicas e tabaco (9,8%), no transporte (6,9%), na vivenda (4,8%) e no ensino (2,4%). Pola contra, só en catro grupos se produciron baixadas de prezos, no ocio e cultura (-1,4%), nos alimentos e bebidas non alcohólicas (-1%), comunicacións (-0,8%) e no vestido e calzado (-0,3%).

Prezos dos produtos (rúbricas) da cesta da compra que máis subiron e baixaron. Galicia. Ano 2010 Porcentaxes

O que máis baixou

Variación das medias anuais (%)	
Azucres	-10,9
Leite	-4,7
Aceites e graxas	-4,4
Obxectos recreativos	-3,7
Carne de porcino	-3,5
Carne de ave	-3

O que máis subiu

Variación das medias anuais (%)	
Tabaco	15,5
Calefacción, iluminación e distribución de auga	7,5
Transporte persoal	6,6
Reparación de calzado	5,0
Outros bens e servizos	4,4
Educación universitaria	3,1

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Base 2006

Principais países que intercambian mercadorías con Galicia. Ano 2010

Millóns de euros e porcentaxes

Exportacións / expedicións

	Millóns de euros	%
Francia	4.888,3	32,2
Portugal	2.496,8	16,5
Italia	1.194,6	7,9
Alemaña	533,7	3,5
Reino Unido	493,5	3,3
Total	15.160,3	100,0

Importacións / introducións

	Millóns de euros	%
Francia	2.539,3	18,4
Portugal	1.715,0	12,4
México	735,8	5,3
Libia	687,2	5,0
Alemaña	685,1	5,0
Total	13.832,7	100,0

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria
Nota: datos provisionais

O 48,7% das exportacións galegas teñen como destino Francia e Portugal

No ano 2010 Galicia exportou mercadorías por un valor de 15.160,3 millóns de euros. O 48,7% das expedicións galegas teñen como destino Francia e Portugal. As principais mercadorías que se exportan son material de transporte (36%) e as materias téxtiles e as súas manufacturas (18,3%).

O valor das importación/introducións acadou os 13.832,7 millóns de euros. As mercadorías máis importadas foron produtos minerais (24,3% do valor total das importacións/introducións) e material de transporte (16,9%).

Comercio exterior e intracomunitario segundo as principais seccións TARIC. Ano 2010

Porcentaxes


	%
XVII Material de transporte	36,0
XI Materias téxtiles	18,3
I. Animais vivos e produtos do reino animal	8,7
V Produtos minerais	5,9
XV. Metais comúns e manufacturas destes metais	5,7
Total	100,0

	%
V Produtos minerais	24,3
XVII Material de transporte	16,9
XI Materias téxtiles	12,1
I Animais vivos e produtos do reino animal	10,8
XV Metais comúns e manufacturas destes metais	8,7
Total	100,0

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria
Nota: datos provisionais

Evolución do comercio exterior. Galicia

Taxas de variación interanuais (%)




Fonte: Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria
Nota: datos do ano 2010 provisionais

Na gráfica superior observamos o crecemento do comercio exterior en Galicia nos últimos anos. Tendo en conta a evolución dos prezos das importacións e das exportacións (dada polos índices de valor unitario para o comercio exterior) vemos na gráfica inferior a evolución do comercio exterior en volume.

Evolución en volume do comercio exterior. Galicia


Taxas de variación interanuais (%)



Fonte: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior.
Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Estrutura do PIBpm por ramas. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes



Crecedemento do VEB en termos reais por ramas. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes

	2010
PIBpm	0,1%
R. agraria e pesqueira	3,1%
R. enerxéticas	3,5%
R. industriais	-0,5%
Construción	-5,8%
Servizos de mercado	0,7%
Servizos non de mercado	0,6%
Imp. netos sobre os produtos	1,2%

Estrutura do PIBpm dende a perspectiva das rendas. Galicia. Ano 2010

Porcentaxes



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral. Os datos son avance

Contas económicas de Galicia. Ano 2010

	2010	Taxa de variación interanual
PIBpm		
Prezos correntes (miles de euros)	57.828.038	1,4%
Índices de volume (referencia ano 2005=100)	106,9	0,1%
PIB per cápita (euros)	21.132	1,5%

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.
INE. ePOBa. Poboación a 1 de xullo
Nota: os datos son avance

A economía galega creceu un 0,1%, en termos reais, no ano 2010

En Galicia, o produto interior bruto (PIB) a prezos de mercado en 2010 estimábase en 57.828 millóns de euros, un 1,4% superior ao ano 2009.

O PIB per cápita a prezos correntes é de 21.132 euros, un 1,5% superior ao do ano anterior.

O crecedemento real da economía galega (taxa de variación interanual do PIB en volume) con respecto ao 2009 sitúase no 0,1%, 3,2 puntos superior ao crecedemento rexistrado en 2009.

Desde a perspectiva da oferta, destaca o crecedemento en termos reais da rama agraria e pesqueira e da enerxética, que medraron un 3,1% e un 3,5%, en relación ao 2009. A rama da construción é a que rexistra as maiores baixadas, caendo un 5,8%.

Atendendo á estimación do PIB desde a perspectiva da demanda, destaca o crecedemento dun 7,1% das exportacións de bens e servizos e dun 2,4% das importacións de bens e servizos.


Con respecto á estimación do PIB pola vía da renda, o 47,7% do valor xerado procede da remuneración de asalariados, e un 43,4% do excedente bruto de explotación.

Crecedemento das compoñentes do PIB desde a perspectiva da demanda. Galicia. Ano 2010

	Taxa de variación interanual (%)
Gasto en consumo final	-0,3%
Gasto dos fogares	-0,4%
Gasto das AA.PP. E ISFLSF	0,2%
Formación bruta de capital	-6,2%
Exportación de bens e servizos	7,1%
Importación de bens e servizos	2,4%

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.
Nota: os datos son avance. Taxa de variación calculada a partir dos índices de volume

Crecemento do PIB en termos reais
Porcentaxes



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT
Contabilidade trimestral

Avance do PIB no 2010

O conxunto UE27, España e Galicia rexistran taxas de variación positivas no seu PIB a partir do segundo trimestre do ano 2010, aínda que a subida no caso de Galicia e España foi menor que na UE27. De todos os xeitos, dende o cuarto trimestre do 2009 apréciase unha lixeira melloría das taxas de crecemento.

A evolución do emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistrou en 2010 unha diminución de 25.149 postos de traballo en termos absolutos con respecto ao ano anterior, en termos relativos o descenso foi do 2,2%. Por ramas de actividade, o único incremento positivo deuse na rama dos servizos de non mercado e no resto perdéronse postos de traballo.


O 66,4% dos postos de traballo equivalentes a tempo completo corresponden ao sector servizos.

Postos de traballo equivalentes a tempo completo. Galicia. Ano 2010

	2010	Taxa de variación interanual (%)	
Total	1.099.035	-2,2%	
Ramas agraria e pesqueira	95.310	-3,9%	
Ramas enerxéticas	10.212	-1,8%	
Ramas industriais	154.247	-9,8%	
Rama da construción	109.438	-4,6%	
Ramas dos servizos	729.828	-0,2%	
Servizos de mercado	495.832	-0,9%	
Servizos non de mercado	233.997	1,3%	

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral
Os datos son avance


PIB per cápita en paridades de poder adquisitivo (PPS) considerando UE-27=100. Ano 2009



Fonte: EUROSTAT, INE
Nota: datos provisionais

En termos de paridades de poder adquisitivo (PPS), o PIB por habitante en Galicia, en 2009, é un 9,8 % inferior á media dos 27 estados da UE.

Evolución do PIB per cápita en paridades de poder adquisitivo (PPS) considerando UE-27=100. España e Galicia



Fonte: EUROSTAT, INE
Nota: datos provisionais

Número de empresas do sector TIC con actividade en Galicia por estrato de asalariados. Ano 2009

	Empresas
Total	2.318
de 0 a 2 asalariados	1.846
de 3 a 5 asalariados	208
de 6 a 9 asalariados	95
de 10 a 19 asalariados	81
de 20 a 49 asalariados	56
de 50 a 99 asalariados	17
de 100 a 249 asalariados	11
de 250 ou máis	4

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais.
Nota: o sector TIC comprende as seguintes CNAE-09: 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.8, 46.5, 58.2, 61.1, 61.2, 61.3, 61.9, 62.0, 63.1, 95.1.

En 2009, preto do 80% das empresas con actividade en Galicia do sector TIC tiñan entre 0 e 2 asalariados e só 15 empresas tiñan máis de 100 asalariados.

Número de empresas do sector TIC con actividade en Galicia segundo a súa sede social. Ano 2009


	Empresas	Porcentaxe
Total	2.318	1,1
Sede social fóra de Galicia	148	2,7
Galicia	2.170	1,0
A Coruña	1.013	1,2
Lugo	188	0,7
Ourense	171	0,7
Pontevedra	798	1,1

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais
Nota: o sector TIC comprende as seguintes CNAE-09: 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.8, 46.5, 58.2, 61.1, 61.2, 61.3, 61.9, 62.0, 63.1, 95.1.

2.318 empresas e 15.851 traballadores no sector TIC

En 2009 en Galicia había 2.318 empresas con actividade en Galicia dedicadas ao sector TIC, o que supón o 1,1% do total das empresas. Destas 148 tiñan a súa sede fóra de Galicia. No que respecta ao número de traballadores no ano 2010 había 15.851 afiliacións á Seguridade Social no sector TIC, preto dun 3% menos que no ano anterior.

Emprego do sector TIC de Galicia. Anos 2007-2010.



Fonte: Afiliacións á Seguridade Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración
Nota: o sector TIC comprende as seguintes CNAE-09: 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.8, 46.5, 58.2, 61.1, 61.2, 61.3, 61.9, 62.0, 63.1, 95.1.
Para cada ano emprégase a media de afiliacións a 30 de xuño e a 31 de decembro

Equipamento das vivendas en produtos de tecnoloxías da información e comunicación (TIC). Ano 2010
Porcentaxes

	Galicia	España
Ordenador	61,6	68,7
Acceso a internet	48,9	59,1
Banda larga (ADSL, rede de cable, etc.)	46,5	57,4
Teléfono fixo	78,5	80,3
Teléfono móbil	91,6	94,6

Fonte: INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares

Nota: considéranse as vivendas con polo menos un membro de 16 a 74 anos

O 46,5% das vivendas galegas dispoñen de conexión a internet mediante banda larga

Aumenta a porcentaxe de vivendas galegas, con polo menos un membro de 16 a 74 anos, con acceso á rede mediante banda larga, pasando do 38,3% en 2009 ao 46,5% en 2010.

O 99,1% das empresas galegas de 10 ou máis asalariados con conexión a internet, accede mediante banda larga fixa

En xaneiro de 2011, o 97,3% das empresas, de 10 ou máis asalariados con actividade en Galicia, conta con conexión a internet. Destas, o 99,1% accede á rede mediante unha conexión de banda larga fixa e o 61,2% dispón tamén de páxina web.

Uso de TIC nas empresas segundo o seu tamaño.


Xaneiro de 2011

Porcentaxes

	Menos de 10 asalariados		10 ou máis asalariados	
	Galicia	España	Galicia	España
Ordenadores	57,9	69,7	98,6	98,6
Rede de área local (LAN)	21,0	25,0	80,2	86,4
LAN sen fíos	..	..	38,5	45,3
Conexión a internet	52,8	64,1	97,3	97,4
Mediante banda larga fixa	96,4	96,0	99,1	99,3
Conexión a internet e páxina web	19,9	25,9	61,2	67,0
Correo electrónico	48,7	60,8	96,8	96,8
Telefonía móbil	67,1	70,7	93,8	93,6

Fonte: INE. Encuesta de uso de TIC y Comercio Electrónico (CE) en las empresas
Nota: a porcentaxe de empresas con conexión a Internet mediante banda larga fixa e a de empresas con conexión a Internet e páxina web está calculada sobre o total de empresas con conexión a Internet

Evolución do número de vivendas con teléfono. Galicia
Porcentaxes




Fonte: INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación en los hogares

Empresas de 10 ou máis asalariados que en 2010 interactuaron coas administracións públicas mediante a Internet. Galicia

Porcentaxe	
Empresas	81,0
Motivo	
Conseguir impresos ou formularios	68,0
Obter información	68,9
Devolver impresos	63,7
Xestión electrónica completa	48,1
Presentar unha proposta comercial para licitación pública	4,8

Fonte: INE. Encuesta sobre el uso de TIC y del comercio electrónico en las empresas
Nota: as porcentaxes están calculadas sobre o total de empresas con conexión a Internet

Porcentaxe de mulleres en I+D. Galicia. Ano 2009




Fonte: INE. Estadística sobre las actividades de I+D

A porcentaxe de mulleres que se dedican a I+D nas administracións públicas en Galicia no ano 2009 supera a dos homes; non ocorre o mesmo no resto de sectores, así no sector empresarial a porcentaxe de mulleres é moi inferior á dos homes.


Distribución do gasto en I+D por sectores. Galicia. Ano 2009

Miles de euros



Fonte: INE. Estadística sobre las actividades de I+D

Evolución do gasto en I+D Porcentaxe sobre o PIB a prezos de mercado



Fonte: Eurostat e INE. Estadística sobre actividades de I+D.
Contabilidad Regional de España
Datos do PIB provisionais para os anos 2007 e 2008 e avance para o 2009


O gasto interno en I+D, en relación co PIB, diminúe no ano 2009

No 2009 en Galicia a porcentaxe do gasto interno en I+D sobre o PIB sitúase no 0,96%, que supón unha diminución de oito centésimas respecto ao ano anterior. Esta porcentaxe segue a ser, en 2009, 0,42 puntos inferior á española e sitúase 1,05 puntos por debaixo da media da Europa dos 27.

Por sectores, o empresarial supón o 44,4% do gasto en I+D, o do ensino o 39,4% e o da Administración pública o 16,2%.

Orzamento. Investigación científica, técnica e aplicada. Galicia

Miles de euros



Fonte: Xunta de Galicia. Orzamentos anuais

Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía. Galicia. Ano 2010
Miles de euros

	2010		Variación interanual (%)	
	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións
Armas e municións	1.116	4.444	-7,8	121,3
Construción aeronáutica e espacial	18.592	2.939	15.167,4	-92,5
Maquinaria de oficina e equipo informático	4.207	6.364	24,2	-31,1
Material electrónico, equipos e aparatos de radio, televisión e comunicacións	34.275	43.068	44,1	-13,0
Produtos farmacéuticos	15.470	4.677	24,3	-95,8
Instrumentos científicos	8.164	40.790	46,3	-45,0
Maquinaria e material eléctrico	12.340	6.899	31,0	-19,2
Produtos químicos	76.638	50.197	59,7	-47,5
Maquinaria e equipo mecánico	1.184	2.848	-48,9	-77,5
Total alta tecnoloxía	171.986	162.226	61,9	-59,8
Total	15.160.269	13.832.655	8,6	5,1

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados pola Agencia Estatal de la Administración Tributaria
Nota: os datos do ano 2010 son provisionais

Só un 1,13% das expedicións/exportacións de Galicia no ano 2010 son de produtos de alta tecnoloxía

As importacións/introducións deste tipo de produtos representan unha porcentaxe moi parecida dentro das importacións/introducións totais de Galicia, acadando só o 1,17% do total.

O grao de especialización tecnolóxica das empresas galegas é bastante baixo


En 2009, só un 0,51% das empresas con actividade en Galicia se dedican á manufactura en ramas intensivas en tecnoloxía alta ou medio alta e só un 1,19% se situaron nas ramas de servizos intensivos en formación de tecnoloxía alta ou punta.

Empresas con actividades intensivas en tecnoloxía. Galicia. Ano 2009


	Galicia
Total empresas de Galicia	209.870
Empresas dos sectores manufactureiros de tecnoloxía alta	145
Empresas dos sectores manufactureiros de tecnoloxía medio-alta	926
Empresas dos sectores servizos de alta tecnoloxía ou de punta	2.495

Fonte: IGE. Directorio de empresas
Nota: datos de empresas con sede social en Galicia

Exportacións de produtos de alta tecnoloxía. Galicia. Ano 2010



Importacións de produtos de alta tecnoloxía. Galicia. Ano 2010



Fonte: Agencia Estatal de la Administración Tributaria
Nota: os datos son provisionais

%	Porcentaxe	kg	Quilogramos
<	Menor	Km²	Quilómetros cadrados
<=	Menor ou igual	ktep	Miles de toneladas de equivalente de petróleo
>	Maior	l	Litros
>=	Maior ou igual	LAN	Rede de área local
€	Euro	LISMI	Lei de integración social dos minusválidos
AA.PP.	Administracións públicas	m²	Metros cadrados
Act. e pas.	Activos e pasivos	m³	Metros cúbicos
Activ.	Actividades	ncop.	Non comprendidos noutra parte
AES	Axudas de emerxencia social	Núm.	Número
CCAA	Comunidades autónomas	°C	Graos centígrados
CC.LL.	Corporacións locais	PERE	Padrón de españois residentes no estranxeiro
CNAE	Clasificación Nacional de Actividades Económicas	PIB	Produto interior bruto
Desenv.	Desenvolvemento	PIBpm	Produto interior bruto a prezos de mercado
EEUU	Estados Unidos de América	PPS	Paridades de poder adquisitivo
Enf.	Enfermidades	Priv.	Privado
ePOBa	Estimacións da poboación actual	Produc.	Producción
ESO	Educación Secundaria Obrigatoria	Pub.	Público
FAS	Fondo Nacional de Asistencia Social	R.	Rama
ha	Hectáreas	RISGA	Renda de integración social de Galicia
hab.	Habitantes	RSU	Residuos sólidos urbanos
I+D+i	Investigación, desenvolvemento e innovación	Sergas	Servizo Galego de Saúde
IAE	Imposto sobre actividades económicas	SMI	Salario mínimo interprofesional
Imp.	Impostos	SS	Seguridade Social
IPC	Índice de prezos de consumo	TARIC	Arancel Aduaneiro Comunitario integrado
IRPF	Imposto sobre a renda das persoas físicas	TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
ISFLSF	Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares	t	Tonelada
IVE	Imposto sobre o valor engadido	UE	Unión Europea
IVTM	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	VEB	Valor engadido bruto

CEOU	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
CORES	Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos
EUROSTAT	The Statistical Office of the European Communities
IGE	Instituto Galego de Estatística
INE	Instituto Nacional de Estadística
INEGA	Instituto Enerxético de Galicia
MC	Ministerio de Cultura
MTIN	Ministerio de Trabajo e Inmigración
UDC	Universidade da Coruña
USC	Universidade de Santiago de Compostela
UVI	Universidade de Vigo

Encontrará un gran volume de información estatística permanentemente actualizada na nosa páxina web <http://www.ige.eu>. Se non encontra a información que desexa na páxina web, pode solicitar máis información de calquera dos seguintes xeitos:

Peticións de información en liña

Na seguinte URL: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?> está dispoñible un formulario para as peticións de información en liña

Consultas telefónicas e por escrito

O IGE posúe un teléfono de información estatística que atende as peticións ao momento, facilitándolle ao usuario a información, cando sexa posible, ou indicándolle onde atopala na nosa páxina web.

As peticións de información estatística que chegan por escrito (fax ou correo postal) aténdense o antes posible.

Instituto Galego de Estatística
Complexo administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 15 89 (luns a venres, das 9:00 ás 14:00 horas)
Fax: 981 54 13 23

Consultas na biblioteca

Na biblioteca do IGE aténdense peticións de información estatística, xa sexa a través das publicacións do fondo da biblioteca ou a partir da internet (a biblioteca conta cun servizo para consultar as principais páxinas web con información estatística).

Lista de subscrición

O IGE ten unha lista de subscrición á que pode anotarse na seguinte URL (<http://www.ige.eu/web/subscripcion.jsp?idioma=ga>). As persoas subscritas á lista reciben información sobre as últimas estatísticas elaboradas polo IGE.

Instituto Galego de Estatística
Complexo administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Petición en liña: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Web: <http://www.ige.eu>
Consultas telefónicas: 981 54 15 89
Fax: 981 54 13 23
Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica